

cultura

Proposta nacionalista para recuperar o castro da Piringalla. **Pax. 8**

sociedade

Repartidos durante unha cea os premios aos vinte Milagrosistas do Ano. **Pax. 14**

infraestruturas

Culmina o proceso de aprobación da totalidade do Plan Xeral de Lugo. **Pax. 17**

economía

O Concello de Lugo destinará un total de 2.165.961 euros ao Plan de Subvencións. **Pax. 19**

deportes

O CD Lugo confirma o seu descenso mentres o Lugo Sala B soberá de categoría. **Pax. 30**

As protagonistas de maio

O día 28 de maio celébranse as eleccións municipais, nas que se elixirán os rexedores locais para os vindeiros catro anos



Del Riego e o Día das Letras Galegas

O escritor nado en Lourenzá será o homenaxeado o vindeiro 17 de maio. **Pax. 2**

Comeza a demolición do Garañón

O xulgado exime ao Concello de pagar ao promotor os 15,4 millóns de euros que reclamaba. **Pax. 16**

A Deputación lanza as rutas polo románico

É a terceira edición deste programa de actividades gratuítas culturais que serán en maio. **Pax. 20**

Festival do Corpus



A cita coa música clásica regresa con oito concertos de balde. **Pax. 9**

O Tour do Talento



A cidade acolle durante unha semana máis de 50 actividades. **Pax. 12**

Club Natación Portamiñá



Entrevista ao presidente do club, Fernando Timiraos. **Pax. 31**

EN AUTOCARAVANA
el camino
TAMBIÉN ES DESTINO

📍 Crta. de Santiago N.540 Km 4.5.
27210. Lugo

☎ Tel.: 982 283 051 - 623 028 811

✉ info@yakartautocaravanas.com

🌐 www.yakartautocaravanas.com


Yakart
autocaravanas

Desde 89€/Día



LETRAS GALEGAS 2023

Francisco Fernández del Riego ou Don Paco

Sempre traballou incansablemente e con optimismo, ata os derradeiros momentos da súa vida

Francisco Fernández del Riego, nado no lugar de Vilanova de Lourenzá o 7 de xaneiro de 1913, foi un intelectual e activista político galego. Escribiu cos pseudónimos de Adrián Solovio, Adrián Soutelo, Salvador Lorenzana, S.L., Cosme Barreiros, Ronsel e Aleví. Desenvolveu dende os anos 30 un traballo constante e recoñecido a prol da cultura galega que continuou até os seus últimos meses e que fixo del unha das personalidades máis destacadas de Galicia.

PRIMEIROS ANOS. Foi o primoxénito dos once fillos e comezou o bacharelato cos bieitos de Lourenzá e rematouno como interno no Colexio da Nosa Señora da Antiga de Monforte de Lemos. En 1930 matriculouse en Dereito na Universidade Complutense de Madrid e foi alí onde comezou a ler a Rosalía de Castro e a Vicente Risco. A proclamación da Segunda República colleuno nesa cidade. Pouco despois a súa numerosa familia trasladouse a Santiago de Compostela e alí foi el tamén, a seguir os seus estudos de Dereito na universidade galega, ao tempo que realizaba tamén a carreira de filosofía e letras.

ANTES DA GUERRA CIVIL. Iniciou a súa actividade literaria con colaboracións na revista Vallibria e xa en Compostela publicou artigos en El Pueblo Gallego, A Nosa Terra e Heraldo de Galicia. En Compostela entrou no Seminario de Estudos Galegos, e incorporouse ao Partido Galeguista logo da súa fundación.[14] En 1932 foi elixido secretario xeral da agru-

pación Ultrera. Cando se constituíu a Federación de Mocedades Galeguistas foi o seu primeiro secretario xeral, e formou parte do Consello galego de Galeusca.

A GUERRA CIVIL. Con ela chegou a súa inhabilitación na docencia perdendo o seu posto como profesor de Dereito na USC. Fernández del Riego recibiu unha sanción por parte do Tribunal de Orde Pública que fixo que estivera agochado un tempo e, finalmente, decidiu incorporarse ao

“A cultura non se pode politizar seitariamente, pertencelle ao país, que se interpreta a través dela”

exército cando foi chamado, para salvar a súa vida. Participou nas batallas do Ebro, Teruel e Extremadura. A guerra civil foi anos despois material literario da súa novela *O cego de Pumardedón* (1992), onde a xeración que fixo a guerra aparece representada simbolicamente polo protagonista, un home que queda cego tras o estoupido dunha granada: esa cegueira é unha metáfora da imposibilidade de dar unha visión integral e obxectiva do sucedido.

DESPOIS DA GUERRA CIVIL. Ao rematar trasladouse a Vigo desde

onde traballou sempre polo galeguismo e a cultura galega en múltiples iniciativas. En 1940 casou con Evelina Hervella Nieto, farmacéutica de formación, aínda que non exerceu e non tiveron fillos.

En 1947 foi detido, encarcerado e xulgado en consello de guerra, sendo finalmente exculpado.

Foi xunto con Ramón Piñeiro e Xaime Isla Couto un dos principais impulsores da Editorial Galaxia (1950), e en 1963, xurdiu desta editorial a revista *Grial*, que Del Riego codirixiu e para a que escribiu de forma asidua recensións literarias e artigos.

O seu traballo no ámbito cultural e a súa extensa obra convérteno nun dos principais intelectuais galeguistas do século XX e comezos do XXI. Entre os seus libros destacan ensaios sobre a cultura e a literatura galegas como *Historia de la literatura galega* (1951), *Galicia no espello* (1954), *Diccionario de escritores en lingua galega* (1990), *A xeración Galaxia* (1996) e estranxeiras, como *Letras do noso tempo* (1974).

Cultivou tamén a narrativa *O cego de Pumardedón*, 1992, e a literatura de viaxes *As peregrinacións xacobeas*, 1984. Editou antoloxías poéticas e libros de vocabulario, escribiu gran número de artigos poéticos e biografías. Tamén é autor dun libro de memorias, *O río do tempo*, 1991. No 2003 recompilou a súa correspondencia con Álvaro Cunqueiro e a editou en Galaxia co título *Cartas ao meu amigo. Epistolario Mindoniense*, e publicou tamén en Galaxia as súas memorias baixo o título de *Camiño andado*.

Autor de numerosos limiares, colaborou en publicacións e xornais como *Universitarios*, *Alento*, *Ser* e *A Nosa Terra*, das cales chegou a ser director; *La Noche*, *Galicia*, *Galicia Emigrante*, *Vieiros*, *Vida Gallega*, *Heraldo de Galicia*, *Nós*, *Grial*, *El Pueblo Gallego*, *La Voz de Galicia*, *Faro de Vigo*, *Vallibria* e *Industrias Pesqueiras*.

En 1995 doou á cidade de Vigo a súa



colección de libros, que constitúe a Biblioteca-Museo Francisco Fernández del Riego da Casa Galega da Cultura. Foi director da Biblioteca da Fundación Penzol, no mesmo edificio.

Tralo seu pasamento, acaecido en Vigo o 26 de novembro de 2010, as

súas cinzas foron depositadas no cemiterio de San Pedro da Ramallosa, Nigrán.

En 2023 Galaxia editou a vida en banda deseñada, *Francisco Fernández del Riego, o home que valía por mil*, con guión de Antón Mascato e debuxos de Pepe Carreiro.

●	UNIVERSIDAD Grado en:		●	ABAU (Antigua selectividad) BAC - E.S.O. ACCESO CICLOS	j.m.rivas ACADEMIA	
	ROBÓTICA Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II	ENX. AGRÍCOLA ENX. FORESTAL Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II				ENXEÑARÍA CIVIL Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II
	BIOQUÍMICA Matemáticas Física Química general e inorgánica Química - Física I Bioestadística	ENX. PROCESOS QUÍMICOS IND. Matemáticas I y II Física I y II Métodos Estadísticos				PROFESORADO ESPECIALIZADO PARA CADA MATERIA
	C/ Dr. Fleming, 8 - Tel.: 982 81 56 22					jmrivas.es

ELECCIÓN MUNICIPALIS 2023

Todo listo para a xornada electoral

Algo máis de 270.000 lucenses están chamados a votar o 28 maio nunhas eleccións nas que aumenta a presenza de BNG e VOX

O 28 de maio todos os veciños da provincia de Lugo están convocados a participar nas eleccións municipais, que escollerán aos alcaldes e concelleiros que rexerán os destinos dos diferentes concellos. Xa todos os partidos presentaron as súas listas electorais completas en cada un dos concellos. Un ano máis PP e PSOE contarán con candidatos para todas as alcaldías, algo que non é así para o BNG, que conformou lista en 53 dos 69, o que significa catro máis que nas anteriores eleccións.

Pero non son os únicos partidos que se presentan. Este ano VOX multiplica a súa representación con listas en oito concellos, cando nas anteriores só presentou en dous, Lugo e Burela.

Repiten estes dous e engádense os concellos de Viveiro na Mariña, Castro de Rei, Meira e Rábade na zona centro e Becerreá, Baleira e Sarria na montaña e no sur da provincia.

Así mesmo a coalición Contamos, que impulsaron os alcaldes de Becerreá e Sarria, e que unifica baixo

as mesmas siglas a Galicia Sempre, Camiña Sarria e Partido Galego, contará con representación en sete municipios. Ademais dos dous fundadores están Samos, O Páramo, Lugo, Meira e O Corgo.

Tamén hai oco para as candidaturas independentes, unhas 20 en toda a provincia.

As dúas máis representativas son a de Rábade, que lidera o alcalde Francisco Xosé Fernández Montes, e a de Monterroso, onde Rocío Seijas quedou á fronte da Alcaldía trala saída de Antonio Gato para reincorporarse aos socialistas.

Outras listas con tradición e representación repártense por toda a provincia, como Udival no Valadouro, Monforte Esperta, Agroma en Sober, Por Chantada, Courel Vivo, Independentes de Outeiro de Rei, Vilalba Aberta e Negueira Viva. Aparecen tamén outros grupos independentes de novo cuño como son Xuntos polo Cambio e Chantada Centro nesta mesma localidade, Independentes por Quiroga ou Avanza Pantón. Tamén se inclúen Terras de Portomarín, o Partido Galeguista de Ribadeo, o Partido Galego do Valadouro, Son Burela, Vía Alfoz e Por Viveiro.

OUTROS PARTIDOS. Outras listas de partidos de talante estatal tamén designaron candidato na provincia. É o caso de Ciudadanos, que só presenta en Lugo e Sarria, mentres que a coalición Podemos-Esquerda Unida loita por representación na capital da provincia e a formación morada estará soa en Viveiro.



406 administrativos e 1.012 axentes para vixilar a xornada

A Subdelegación do Goberno última os preparativos para a celebración da xornada electoral do próximo 28 de maio. O seu labor céntrase na comprobación dos locais de votación, a seguridade de todas as fases do proceso e a dotación de medios materiais, pasando pola transmisión da información oficial de apertura e peche de mesas, participación, escrutinio e transmisión dos resultados.

Están convocados a votar 270.274 lucenses e serán 406 as persoas que actuarán como representantes da Administración e se ocuparán de verificar a correcta apertura das mesas, resolver posibles incidencias e recoller os datos do recuento

do voto cando pechen as mesas. Da seguridade da xornada electoral ocuparanse 1.012 axentes da Garda Civil e a Policía Nacional, que contarán co apoio das Policías Locais de Lugo, Viveiro, Ribadeo, Foz, Burela, Vilalba, Chantada, Guitiriz, Cervo, Sarria e Palas de Rei, así como da Policía Autonómica.

Nas eleccións xerais do 28 de maio están chamadas a votar na provincia de Lugo 270.274 persoas, das que 269.101 son residentes nos 67 concellos e 1.173 residen no exterior. Respecto da loxística preparada para a celebración das eleccións, na provincia haberá un total de 401 locais electorais nos que se distribuirán as 533 mesas de votación.

Entre 25 e 5 concelleiros

Non en todos os concellos se escolle o mesmo número de concelleiros, faise en función da poboación. Loxicamente, o concello con máis representantes é Lugo, ao que con 97.211 habitantes censados lle corresponden 25 concelleiros.

Despois están as vilas máis poboadas. Así, con 17 (de 23 non hai ningunha) están Monforte, Viveiro, Vilalba, Sarria e Foz. Con 13 concelleiros están as vilas de entre 5.000 e 10.000 habitantes, como Ribadeo, Burela, Chantada, Guitiriz, Outeiro de Rei e Castro de Rei.

No seguinte franxa están situados os concellos con 11, é o caso de Cospeito, Cervo, Friol, Monterroso, O Saviñao, Mondoñedo, O Corgo, Xove, Palas de Rei, Fonsagrada, Quiroga, Barreiros, Begonte, A Pastoriza, Becerreá, Taboada, Guntín, Castrover-

de, Láncara, Baralla, Pantón, Abadín, Sober, A Pontenova, Lourenzá e Carballo.

O Valadouro encabeza a listaxe de concellos con 9 representantes como Antas de Ulla, Xermade, Meira, Paradela, O Vicedo, Pol, Alfoz, A Pobra de Brollón, O Incio, Rábade, Bóveda, Portomarín, O Páramo, Cervantes, Samos, Riotorto, Baleira e Trabada.

Xa con menos de mil habitantes, Oural, Navia de Suarna, As Nogais, Folgoso do Courel, Ribas de Sil, Pedrafita do Cebreiro, Triacastela, Muras e Ribeira de Piquín elixen 7 concelleiros e Negueira de Muñiz, o concello menos poboado (228 habitantes), ten 5 elixibles.

Sempre se escollen números impares para facilitar as votacións en sesións plenarias e evitar empates.



CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874
Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

Parking gratuito

Oito candidaturas para 25 edís

Este ano esperan repetir representación PSOE, PP, BNG e Cs mentres que Vox, Podemos-EU, UCIN e Contamos buscan estrearse

Sete candidatas e un candidato presentábase este ano a competir polos 25 asentos da Corporación luguesa, unha situación nunca vista ata o de agora.

Pero este número total de candidaturas presentadas supón un descenso con relación aos comicios de 2019, cando se presentaron 13 alcaldables pero só 4 obtiveron algún tipo de representación.

Á fronte do Concello está Lara Méndez, que foi elixida alcaldesa da cidade por primeira vez no ano 2015 polo que xa acumula dúas lexislaturas vencidas, tras o goberno tamén socialista de Orozco, que durou outras catro, polo que o PSOE leva xa 24 anos no poder e aspira este ano, de novo con Lara Méndez, a que sexan catro máis.

De todos os xeitos, para chegar a ser alcaldesa, esta política tivo que recorrer a pactos e incluso gobernos en coalición xa que a forza máis votada foi o PP nas últimas dúas ocasións.

Se na súa primeira puido solucionar pactando nesta segunda, que vén de rematar, asociouse co BNG durante toda a lexislatura repartindo as áreas de poder.

O seu socio de goberno, o nacionalista Rubén Arroxó, deu un impulso importante ao partido nos últimos comicios tras pasar de ter 2 concelleiros a 5 coa incorporación deste lucense á dirección.

Agora, tras catro anos como tenente de Alcaldesa, Arroxó opta á reelección cun amplo respaldo da poboación e buscando un goberno en solitario. Logo de catro anos de goberno sen altercados, poderían seguir con esta unión se non varían os resultados.

O Partido Popular, pola súa conta, depositou en Elena Candia as súas esperanzas para recuperar a Alcaldía



de Lugo tras varios intentos infructuosos. Estrea candidata o equipo popular, que por primeira vez estará dirixido por unha muller. A que foi alcaldesa de Mondoñedo e presidenta da Deputación e é presidenta provincial do partido ten un reto complicado pero leva facendo unha intensa campaña de achegamento aos lugueses dende o seu nomeamento. Conta como vantaxe que foi o partido máis votado nas dúas últimas citas electorais pero non logrou atopar un socio de goberno para facerse co

poder en ningún dos dous casos. Ciudadanos tamén repite e tamén con Olga Louzao. O partido, que a nivel nacional está en horas baixas, aspira a manter a súa representación e incluso aumentala a partir do mes de maio.

AS OUTRAS OPCIÓNS. Xunto a estes catro partidos hai outras opcións de voto máis minoritarias. Así, Podemos e Esquerda Unida chegaron a un acordo para acudir en coalición a estas eleccións. Lidera esta a res-

ponsable da formación morada, Chus Rodríguez, seguida de Ximena Cheda como número 2. Ningún dos dous logrou representación en solitario aínda que tiveron un número aceptable de votos, polo que xuntas poderían ter algunha opción de entrar ao reparto.

Presentábase este ano tamén o partido UCIN, liderado por Mónica Ceide, un novo movemento de carácter veciñal que fai a súa primeira incursión con estas siglas.

Tamén de estrea está Contamos, o

partido que naceu da iniciativa de coalición dos independentes Claudio Garrido de Sarria e Manuel Martínez de Becerreá, e ao que se sumou a luguesa María del Carmen González López por Lugo. Seis listas que xuntas buscan ter forza para facerse cun deputado provincial.

Tamén volve presentarse VOX. Á fronte está Sonia Teijeiro na cidade, que espera lograr a representación que non obtivo nos anteriores comicios. Nesta ocasión o partido presenta oito listas na provincia.



PROMEDISA
SUMINISTROS MÉDICOS

COMPRA ON LINE



FISIOTERAPIA Y REHABILITACIÓN • VIDA DIARIA • ENSEÑANZA • HIGIENE
APARATOS DIAGNÓSTICO • GRÚAS • DESCANSO • EMERGENCIAS • MOVILIDAD



COMPRA ON LINE

www.promedisa.com

Avda. de A Coruña, 104 Bajo - LUGO Tel.: 982 245 715
Avda. Terra Chá, 50 Bajo - CASTRO RIBERAS DE LEA. Tel.: 982 310 374

O que propoñen os partidos

PSOE

A falta de presentar oficialmente o programa electoral, a alcaldesa Lara Méndez que presentou ao seu equipo para revalidar a Alcaldía de Lugo apoiada por máis de 700 veciños e veciñas na praza Agro do Rolo, fixo xa un esbozo do que serán as súas liñas xerais para a próxima lexislatura, comezando pola “importancia da segunda transformación que se está a levar na cidade e a súa dinamización no eido económico, innovador e de emprendemento”.

Destacou a candidata que neste mandato ocupáronse do importante e do urxente asentando as bases da recuperación social e económica da cidade dos vindeiros anos e avanzando na segunda transformación de Lugo, “unha das claves do meu compromiso como alcaldesa, que se articulou desde todas as áreas de Goberno”.

Lara Méndez aposta por un novo modelo urbanístico, social e económico coa veciñanza no centro das accións e baseado na humanización, a sostibilidade e a innovación, “que é imparabile porque mellora os ratios de calidade de vida”.

Méndez mantén nos primeiros postos a gran parte do seu equipo de Goberno: “Están os mellores e temos que continuar aproveitando a súa demostrada valía e experiencia en xestión”.

A alcaldesa destacou que “o fondo coñecemento do municipio e dos seus problemas e o amor por Lugo son claves para seguir traballando no seu crecemento”.

“Temos xa aos mellores e con eles debemos continuar”, sostivo, e avanzou, así mesmo, unha importante renovación no resto da lista, persoas moi preparadas, ilusionadas e comprometidas, que representan a pluralidade de Lugo”. “Sen dúbida, un equipo gañador”, concluíu.

A lista incidiu, “está integrada por lucenses de idades diversas, da contorna rural e urbana, procedentes do sector privado e do público e gran coñecedores da realidade dos

distintos barrios e parroquias”. Así mesmo, a rexedora incidiu en que “a todos os e as que formamos esta lista únenos o amor polo noso municipio”, e engadiu que “o fondo coñecemento de Lugo e das súas necesidades, así como o amor pola nosa cidade son claves para seguir traballando intensamente no seu crecemento, para que sexa un Lugo diverso, máis xusto socialmente, máis inclusivo, accesible, ecolóxico, con valores feministas e integradores”.

BNG

Na presentación da candidatura do BNG, liderada por Rubén Arrox, fíxose un resumo das principais liñas a seguir en próximas lexislaturas así como unha valoración das accións levadas a cabo ata o de agora, “logo de ter sido o motor das grandes transformacións levadas a cabo na cidade”.

“Os feitos dinnos claramente que Lugo é hoxe unha cidade mellor grazas ao enorme traballo de Rubén e de todo o equipo que o acompaña; dinnos que Lugo é unha cidade máis humanizada, onde as persoas ganaron terreo aos coches, recuperando espazos públicos para darlle máis poder á xente; onde os nenos e as nenas van máis seguros aos centros escolares”, argumentou.

Afondando nos logros, destacou que

grazas ao traballo do BNG, “Lugo é agora máis sustentable, máis verde, con máis eficiencia enerxética; con mellores infraestruturas e equipamentos nos barrios, con mellor calidade de vida”. A acción do goberno do Bloque tradúcese nunha urbe con dinamismo cultural, cunha programación plural, diversa, que aposta polo inmenso talento do país e con orgullo da lingua e cultura propias, destacan.

Rubén Arrox destacou que o Bloque “cumpríu co 95% do programa” co que se presentou, “impulsando desde o Goberno municipal o cambio real”. De feito, destacou “a rehabilitación de espazos como A Mosqueira, Quiroga Ballesteros ou as rúas do barrio de Recatelo”, incidindo na peonalización de quince rúas e espazos públicos. Nesta liña, destacou “a creación de vieiros escolares e zonas seguras nas contornas educativas, con pasos elevados para peóns e elementos de calmado do tráfico”.

Arrox tamén puxo en valor as melloras nos barrios, así como as medidas impulsadas para conseguir unha urbe máis verde coa implantación de iluminación LED en grande parte da cidade.

A aposta polo comercio local foi outra das liñas de traballo, que se plasmou na renovación da praza de abastos e do mercado municipal, promovendo o consumo dos produtos de proximidade, facilitando a



CANDIDATOS ELECCIÓN 2023

BNG

- Rubén Arrox Fernández
 - Tareixa Antía Ferreiro Tallón
 - Alexandre Penas Roibás
 - María Cristina López Fernández
 - Felipe Rivas Jorge
 - Iria Buide Pena
 - Manuel Alberto Fernández Fraga
 - Alejandro Espiño Castro
 - Natalia Cabana Rancaño
 - José Luís Varela Piñeiro
 - Beatriz Cedron Vilar
 - Luís Neto López
 - Beatriz López Dorado
 - María Carmen Longarela Pena
 - José Paz Fernández
 - Sandra María Sánchez Pérez
 - Pedro Guerreiro Iglesias
 - Beatriz Pérez Traseira
 - Avelino Basanta Regueira
 - Sabela López Núñez
 - Pedro Pillado García Xesto
 - María Carmen Pérez Arias
 - Francisco Ulloa Prado
 - Rexina Álvarez Prada
 - Mª Pilar Trinidad Campo Domínguez
- Suplentes**
- Fátima Docío Rodríguez
 - Luís Alberto Blanco Rivadulla
 - Beatriz Jato Quintás
 - Luís Pérez Capón

PSOE

- Lara Méndez López
 - Miguel Fernández Méndez
 - Mercedes Paula Alvarellos Fondo
 - Mauricio Vitorio Repetto Morbán
 - Ana María González Abelleira
 - Jorge Bustos Atanasio
 - Olga López Racamonde
 - Ángel Pablo Permy Villanueva
 - María Ángeles Novo Martínez
 - Waldir Sinisterra Restrepo
 - María Reigosa Castro
 - Alberto Caldeiro Pérez
 - María Eugenia Iglesias Vargas
 - Yago Atadell Martínez
 - Olimpia López Rodríguez
 - Jesús Darriba Burgo
 - Cristina Azanza Moreno
 - José Mario Castro Cuenca
 - María Carmen Santos Penas
 - Luis Fernández Álvarez
 - María Pilar Rodríguez Potente
 - Hugo Pardo-Vivero Vilares
 - Ana Belén Díaz Parapar
 - Juan José Rodríguez Gude
 - María Isabel Salazar Bello
- Suplentes**
- Pablo Núñez González
 - María del Pilar Roca Núñez
 - Miguel Ángel Crende López
 - Elena Ocampo Piñeiro

¿ESTÁS PENSANDO EN HACER UNA REFORMA?

DESCUENTOS
HASTA **65%**

MUEBLES DE BAÑO
DESDE **145€+IVA**

PORCELÁNICOS
DESDE **6€+IVA**

outlet
sótano

azulejos, porcelánicos
& muebles de baño

“CON POCO HACES MUCHO”



CONJUNTO
MUEBLE
DE BAÑO

385 eur*
IVA incluido

* hasta fin
de existencias



xeración de riqueza e emprego. Rubén Arroxo puxo en valor a política cultural impulsada polo BNG, enchendo de contido creativo espazos como o Vello Cárcere, o Auditorio Gustavo Freire ou as salas da Rede museística municipal, trasladando a cultura ao espazo público con murais, esculturas e poesía na rúa para facilitar a socialización da cultura. Ao que se suma o éxito do San Froilán e de eventos populares como a cabalgata de Reis ou o Apalpador. A defensa dos servizos públicos e de infraestruturas esenciais para a cidade, como un tren digno a Lugo, foron sinais de identidade do BNG, que tamén defendeu o espazo que rodea o río Rato “contra un invasivo trazado da rolda Leste”, destacou Arroxo.

PARTIDO POPULAR

O presidente do Partido Popular de Galicia, Alfonso Rueda, apadriñou a candidatura de Elena Candia, formada por un grupo de lucenses con diferentes perfís profesionais. “Trátase dun equipo plural, onde atopamos técnicos (enxeñeiros, arquitectos), persoas con experiencia na xestión de fondos europeos (economistas), vinculadas ao sector médico, empresarios de servizos sociais, da docencia, sociólogos, do sector da hostalaría, xubilados, estudantes, así como outros vinculados ao movemento asociativo”, di

a aspirante á Alcaldía.

A candidatura da alcaldable representa “á sociedade actual e ten un importante compoñente territorial, xa que incorpora a veciños de todos os barrios e parroquias.

A candidatura de Lugo é unha lista moi renovada: nos 13 primeiros postos hai 10 caras novas con respecto ao equipo do ano 2019.

Elena Candia iniciou dende o seu nomeamento un intenso traballo de precampaña para achegarse a todos os ámbitos da sociedade e presentar as bases do seu programa de traballo, composto por dez puntos divididos en tres grandes eixos.

Aposta Candia pola conciliación con máis escolas infantís, oíotecas e ludotecas en polígonos e barrios e o impulso de servizos e infraestruturas de formación, ocio e deporte con programas para a mocidade e a creación dun novo polideportivo municipal. Na procura do Benestar aposta pola asistencia integral a persoas usuarias e coidadoras: centros de respiro, programa de apoio e centros de día e conseguir eliminar a lista de agarda en servizos como o de Axuda no Fogar.

Sobre o tráfico apostan por máis prazas de aparcamento, modificar o trazado do carril bici, reorganizar o tráfico e as liñas de autobuses e deseñar novos espazos verdes; máis Policía Local na rúa, unha nova oficina no norte e instalación de cámaras de

CIUDADANOS

1. María Olga Louzao Aldariz
2. Juan Manuel Vidal-Pardo García
3. Ana Belén Varela Martínez
4. José Antonio Álvarez Flores
5. Nerea Fernández Álvarez
6. José Ramón Fernández Yáñez
7. Araceli Fernández Freire
8. Julio Debasa Amieiro
9. María Paz Montes dos Santos
10. Antonio Vázquez Pérez
11. Ana Isabel Argiz Lourés
12. Víctor González García
13. Lorena Bello Currás
14. Gustavo Adolfo Calles Castro
15. María Alicia Caamaño González
16. Adrián López Bermúdez
17. María Rita Varela Pardo
18. Enrique Pereira Siens
19. María Victoria García Vázquez
20. María Nieves Pérez Dafonte
21. Cristina Díaz Anseán
22. María de los Ángeles Vila Paz
23. María Pilar Flores Castro
24. Francisco Javier Vila Nuñez
25. Luis Benjamín Fernández Quintana



videovixilancia en zonas conflictivas. Refírese tamén a accións creativas cunha programación cultural de calidade, participación colectiva que permita xerar emprego e potenciar o patrimonio, sen esquecer a apertura do auditorio de Magoi. Aposta tamén para o rural por auga, saneamento, telefonía móbil e fibra óptica nas 54 parroquias, mellora das pistas e un servizo de taxi a demanda. No relativo a emprego Candia leva

CANDIDATOS ELECCIÓNS 2023

PODEMOS-EU-AV

1. María Jesús Rodríguez Rodríguez
2. Ximena Cheda Tuya
3. Fernando Otero Bello
4. María Isabel Sánchez Corral
5. José Luis Díaz Gesto
6. Xoán Trigo González
7. Carla Varela Porto
8. José Luis López Álvarez
9. María Angeles Gayoso Fraga
10. Beatriz López López
11. Javier Folgueira Lozano
12. Diego López Dapena
13. Sandra Graña Moreno
14. Carmen González Magdaleno
15. Óscar López Corral
16. Iago Castro Vázquez
17. Xulio Torres Sánchez
18. Ana Fernández Fernández
19. Salvador García Cebra
20. María Reyes Rodríguez Pérez
21. María Carmen Galván González
22. M^a Carmen Asunción Cruces Artero
23. José Méndez Torres
24. Fernando Yáñez Pérez
25. Carlos Anxo Portomeñe Pérez

PP

1. María Elena Candia López
2. Cristina Sanz Arias
3. Enrique Rozas López
4. Antonio Ameijide Osorio
5. Javier Vázquez Prado
6. Flora Rubinos Rois
7. Silvia Colmenero Guzmán
8. Ramón Manuel Cabarcos Rodríguez
9. Agustín Gallego Vigo
10. Aurora Aida Goás Castro
11. Gustavo Enrique Díaz Rey
12. María del Mar Carballas Piñeiro
13. Damián Carballo Méndez
14. Manuel Chousa Maciñeiras
15. Águeda Valín Armas
16. Khadija Mazi Dihaj
17. Mauro Rodríguez Baliña
18. Manuel José Cortón Muínelo
19. Cristina Fernández González
20. María José Blanco Freire
21. María Carmen Fernández Álvarez
22. Santiago Amedo Ramos
23. Luis Asorey Daviña
24. José Benito Pardo López Abad
25. Reyes Costas Manzanares

Suplentes

1. Manuel Otero Méndez
2. Barbara Quintas Cuña
3. Iago Rodríguez Ulla
4. Óscar Poy Franco
5. M^a Gloria Enríquez Sanjurjo
6. Manuel Rodríguez Arias
7. Bélgica Nathalie Taveras Auyoa
8. Christian Fernández Díaz
9. María Cristina Cadorniga Vega
10. Ramón Carballo Paez

Oito candidaturas disputaranse os 25 escanos da corporación municipal

a creación dun polo de Emprendemento no centro da cidade, plans de formación específicos para xente moza e ofrecer licenzas de obra maior no prazo dun mes e bonificación de taxas municipais de licenzas de obra. Afirmar que suprimirán a plusvalía e farán a rebaixa do IBI.

CIUDADANOS

Olga Louzao e Juan Vidal-Pardo foron os encargados de presentar a lista coa que concorren ás próximas eleccións municipais.

“Temos o privilexio de contar cunha lista da que sentimos moi orgullosos. Trátase dun grupo de persoas que transmiten ilusión en cada acción que levan a cabo. Esforzámonos en preservar o capital político deste grupo, algo que nos custou un serio esforzo, para evitar que outros partidos intercedan nesta nova candidatura, como sucedeu con Juan ou comigo”, sinalou a alcaldable pola formación liberal.

“É un lista que mana da sociedade civil para a que apostamos por xente que provén do auténtico movemen-

MARMOLES VILARO

ESPECIALISTAS EN

- PIEDRA NATURAL
- PORCELÁNICOS Y CUARZOS
- ENCIMERAS DE VANGUARDIA
- GRABACIONES EN PIEDRA
- MOLDURADOS

*De las más prestigiosas marcas del mercado

Políg. Ind. Balmao - Betote, S N
27617 - Sarria (Lugo)

Tel. 982 532 577 - Fax 982 532 577

marmolesvilario@hotmail.com

www.marmolesvilario.com

A TENDA DE FINGOI

ABRIMOS TODOS LOS DÍAS

SERVICIO A DOMICILIO

Calle Armórica 102, bajo - Lugo. Tel.: 982 225 409

to veciñal xurdido na cidade nos últimos anos e que ten ganas de que en Lugo pódase producir un cambio real. Tamén por autónomos e traballadores que coñecen a realidade do noso municipio e que entenden a política como unha ferramenta para cambiar a situación que viven día a día nas súas actividades, así como por perfís técnicos da administración. Sen dúbida o denominador común é o compromiso con Lugo e o compromiso por cada un dos seus barrios”, destacou a candidata.

Afirman que se trata dun grupo unido no que os personalismos non existen, “só as ganas de cambiar Lugo. É tan importante o meu posto como o de calquera outro compañeiro. O que nos diferencia doutros partidos políticos é que non estamos aquí para falar de poder, estamos para falar de proxectos que melloren a nosa cidade e a calidade de vida dos lucenses.”, concluíu.

Durante este mes de abril, a formación xa foi explicando algunha das iniciativas que levarían ao goberno como a ampliación de horarios e personal na Casa da Muller, un plan para facer un Lugo 100% accesible, poñer en marcha un plan contra o ruído ou a apertura das instalacións deportivas do colexios fóra do horario escolar.

OUTROS PARTIDOS

A coalición de esquerdas, **Podemós-Esquerda Unida**, que dirixe a líder local da formación morada, non ten aínda presentado o seu programa pero si esbozou xa algunhas das liñas xerais do traballo que queren desenvolver.

Así, propoñen un proxecto de cidade que implica a integración da veciñanza, comercio, empresas, servizos, zonas de lecer, deportivas e de esporeamento de forma conectada e coherente, unindo o rural e o urbano e facilitando, deste xeito, que non haxa áreas degradadas e cidadáns de primeira ou de segunda, en función de onde vivan.



“O noso modelo de cidade, pasa pola compactación de Lugo, cubrindo e dando uso aos baleiros urbanos, como os que temos en barrios coma o do casco histórico ou da Milagrosa, en contraposición coas políticas urbanísticas municipais que, desde hai tempo, están a favorecer a construción en determinadas zonas máis afastadas dos núcleos poboacionais”. Así, unha das súas propostas principais é a creación dunha oficina de rehabilitación municipal. Tamén se reuniron con varios colectivos para elaborar as súas propostas. O partido **UCIN**, que dirixe Mónica Ceide afirmou que ten un programa baseado en 10 puntos básicos, ligados á saúde mental dos lucenses.

“Lugo é unha das cidades españolas cun maior índice de suicidios de España, por iso a importancia de ter un programa adecuado a esta causa é primordial, para poder atallar esta secuela que leva moitas vidas ao longo do ano”.

Mónica Ceide destaca que “estes puntos principais están creados por lucenses, por persoas do pobo que viven o día a día, que coñecen os seus problemas reais e non por políticos que habitan en mundos paralelos e que pensan que o máis importante para Lugo é que estea totalmente peonalizado”.

Sonia Teijeiro é a presidencia provincial de **VOX** desde fai anos.



CANDIDATOS ELECCIÓNS 2023

CONTAMOS GA.S

1. María Carmen González López
2. Carlos Ramón Ouro Núñez
3. Carmen Río Mourín
4. Manuel A. Fernández Fernández
5. José Manuel Núñez Ferreiro
6. Francisco Villanueva González
7. Luis Freijo Carballo
8. Xaime Manuel Requeixo Souto
9. María Consuelo Núñez Castro
10. Ana María Pereiro Mourelo
11. Pablo Otero Pérez
12. Juan Jesús Rozas Neira
13. José Valle Valcárcel
14. Montserrat García Goyanes
15. María Luz Ramil Arias
16. Bruno Argerey López
17. Hugo Martínez Arias
18. Alberto Fernández Lapido
19. Julia Fernández Prados
20. María Cristina Núñez Díaz
21. María Dolores Cabanas Muñiz
22. Dionisio López Fernández
23. Florentino Piñeiro Vázquez
24. Pilar Martínez Caballero
25. María Cristina Pérez Herraiz

Suplentes

1. María Isabel García Bello
2. Jesús Antonio Somoza López

Resume a súa liña de traballo asegurando que “temos, como profesionais e non políticos, unha visión máis ampla dos problemas reais dos cidadáns, respectamos a liberdade de expresión e ideoloxías de todos os colectivos e formacións, e

UCIN

1. Mónica Ceide Vilariño
2. María del Carmen Díaz Alvarez
3. María Mar Fernández Penoucos
4. Jose Jorge González Vázquez
5. Iván Lago Armas
6. Valentina Rafaela Amate López
7. Marcos Otero Arias
8. José Antonio Durán Gómez
9. Daniela Orosa Amador
10. Alfonso Hortas López
11. Araceli Vázquez Vázquez
12. José Flores Real
13. Khadija El Mottaqi Lafrykh
14. Juan Ignacio Méndez Rielo
15. María Elena Rodríguez Ares
16. Javier Fernández Pérez
17. Paz González Rodríguez
18. Julio Fernando Ceide Ocampo
19. Clotilde Arcos González
20. Pablo Pereira Vas
21. Sandra Amador Oliva
22. Gonzalo Jiménez Alba
23. Dolores Perol Barreiro
24. Óscar Pérez Fernández
25. Ana María Vilariño Paz

Suplentes

1. Felipe Santiago Rivera Jove
2. María Luisa Fernández Penoucos

non pretendemos impoñer as nosas ideas a ninguén”. “Estamos convencidos de que a nosa cidade necesita un cambio importante, sen discursos políticos aos nenos na súa noite de Reyes nin partidos que vendan promesas


VOX

1. Sonia Maria Teijeiro Perez
2. Jorge Juan Nuñez Diaz
3. Jose Ramon Melchor Diaz
4. Noelia Rabanal Gonzalez
5. Ana Belen Rego Sampedro
6. Luis Felipe Barrado Rodero
7. Ramiro Lopez Lopez
8. Jacobo Gayoso Rodriguez
9. Maria Esther Mazaira Regal
10. Georgina Garcia Mendez
11. Daniel Adolfo Gonzalez Gonzalez-Moral
12. Elisa Victoria Navarro Alvarez
13. Maria Victoria Bocanegra Buisan
14. Jose Luis Francisco Ovejero Ruiz
15. Veronica Pena Gomez
16. Alberto Maria Barrado Rodero
17. Jose Luis Lopez Fraga
18. Jose Luis Rodriguez Diaz
19. Montserrat Vera Castañé
20. Nadia Sohaei Moreda Perez
21. Carlos Lopez Fernandez
22. Ismael Abad Pelaez
23. Jairo Rojo Vilanova
24. Maria Jose Gonzalez Antolin
25. Marta Pin Fernandez

Suplentes

1. Alex Boigues Leon

incapaces de cumprir”. María del Carmen González López líder da nova formación **Contamos**, na que hai catro listas asociadas, todas independentes e que nace cun obxectivo máis provincial.



C-27-001194

Prueba nuestros tratamientos

Salud Bucodental • Cirugía dental • Estética dental
Implantología • Ortodoncia • Odontopediatría

¡PRIMERA VISITA GRATUITA!

Te damos una razón para sonreír

Calle Valle Inclán 1 Lugo, 27004 - Tel.: (+34) 982 80 31 32 - info@mosqueraotero.es - mosqueraotero.es



Presentado o libro cos traballos de historia de alumnos do IES Lucus Augusti

Lugo acolleu a presentación do libro *Nós tamén temos historia*, que recolle traballos realizados por alumnado do IES Lucus Augusti e que foi editado coa colaboración do Servizo de Publicacións da Deputación. O libro recompila historias rescatadas por alumnos e alumnas da memoria familiar, ligadas a distintos momentos históricos, a maioría delas referenciadas no golpe de Estado do 36, na Guerra Civil Española e na Ditadura. A publicación dá continuidade a

unha serie editorial que se iniciou o ano pasado, cun volume que recollía 80 entradas -fotografía e historia familiar-. Esta segunda entrega, documenta outras 90 -co mesmo formato-. O proxecto está coordinado polo profesor de Historia Gaspar Méndez. Maite Ferreiro sinalou “o interese deste tipo de proxectos que reforzan os coñecementos adquiridos nas aulas e que propician que o alumnado reflexione sobre o papel das persoas no devir históricos”.

Arroxo propón a recuperación do Castro da Piringalla

O candidato do BNG á Alcaldía de Lugo, Rubén Arroxo, anunciou que co BNG á fronte do Concello de Lugo “traballaremos para recuperar o Castro da Piringalla”, un punto que definiu como “unha nova oferta turística para a cidade, que nos permitirá aumentar o noso coñecemento sobre a historia de Lugo e converternos nun importante referente do estudo arqueolóxico”.

O Castro da Piringalla data da Idade do Ferro e é anterior, polo tanto, á época romana, polo que tén un importante valor arqueolóxico”, declarou Rubén Arroxo. O castro foi descuberto, no ano 2007, no transcurso dunhas obras municipais de substitución das canalizacións de auga que conducen aos depósitos municipais ubicados xusto enfrente do castro. O asentamento castrexo ocupa unha importante superficie adicada a terras de labranza e a súa configuración é circular, protexido por un dobre foso defensivo. O feito de que a



superficie do castro non se atope urbanizada, senón que se mantiveran como terreos agrícolas, fai pensar que o seu estado de conservación sexa bo. “Lugo sería deste xeito unha das poucas cidades que tería dentro do seu tecido urbano un castro e isto suporía un importante atractivo desde o punto de vista cultural e turístico” afirmou o candidato do BNG.

Arroxo visitou esta zona xunto co arqueólogo Iván Álvarez Merayo, e anunciou que o BNG desde a alcaldía de Lugo liderará a coordinación

entre administracións para realizar a escavación do castro, a posta en valor ao aire libre dos restos atopados e a construción dun centro de interpretación que complete o conxunto museístico. Moi preto deste lugar tamén se atopan os restos achados do acueduto usado na época romana para traer a auga ata a cidade. “Deste xeito completaría un interesante circuíto pola cidade que comezaría na época castrexa e remataría na Muralla e a romanización”, declarou Rubén Arroxo.

O PP urxe a licitación do programa Aprende xogando

Macamen López faise eco dunha denuncia realizada polo sindicato CC.OO e reflexiona sobre a necesidade de que o goberno local deixe a un lado “obras totalmente innecesarias como as Caldas do Miño, o carril bici ou o edificio Impulso Verde e preocúpese de verdade polas necesidades dos lucenses” como pode ser o caso dos máis pequenos. A concelleira popular incide na necesidade de licitar en mellores condicións o programa Aprende xogando unha iniciativa interesante pero

que precisa de cambios substanciais, como máis persoal. “É preciso dotar de máis persoal este servizo xa que na actualidade cando os traballadores entregan aos nenos aos seus pais e nais teñen que deixar ao resto sos nas aulas, unha situación preocupante”, reflexiona. Macamen López sinala que, como noutros servizos municipais tamén hai que renovar equipamentos e dotar ao persoal e usuarios do material necesario para desenvolver as actividades.



MICOLOXÍA. A Sociedade Micolóxica Lucus organizou un curso de cultivo de cogomelos centrado na especie *Lentinula edodes* (shiitake). Foi posible mediante unha colaboración coa empresa Shiifos, unha empresa lucense, radicada en Ribadeo, especializada no cultivo de este apreciado cogomelo.

Vicepresidencia da Deputación aumenta as axudas ao tecido cultural

A Vicepresidencia da Deputación incrementa ata os 380.000 euros -un 90 por cento- o orzamento destinado ás convocatorias de axudas para o tecido cultural de base.

A Xunta de Goberno provincial aprobou as bases destas liñas de axuda, unha destinada á organización de actividades de dinamización cultural, cun importe de 255.000 euros, e outra dirixida a financiar investimentos en instalacións e equipamento nos seus locais sociais, de 125.000 euros. Maite Ferreiro sinalou que “con esta ampliación do orzamento, reforzamos o apoio ás asociacións culturais de base, na súa maioría colectivos pequenos que se sosteñen grazas á implicación desinteresada de persoas preocupadas pola cultura, pola lingua e o patrimonio e que cumpren un papel fundamental para garantir o acceso á actividade cultural en todo o territorio”.

A responsable provincial destacou “estes colectivos son en moitas aldeas e parroquias rurais auténticos referentes da actividade cultural, programando actividades pero tamén impulsando estudos, investigacións e iniciativas de posta en valor do patrimonio local”.



Marfer

INFORMATICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA



KYOCERA
Distribuidor Autorizado



EPSON



OKI



EXIT ERP
SOLUCIÓN MODERNA Y FLEXIBLE

SOMOS IMPLANTADORES DE KIT DIGITAL





C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084
www.imarfer.com - correo@imarfer.com

Regresa o Festival de música do Corpus

Este ano terá lugar do 20 de maio ao 9 de xuño, con 8 concertos que inclúen artistas e propostas para desfrutar de balde

O Festival de Música Cidade de Lugo - Semana de Música do Corpus celebra este ano a súa 50 edición, que terá lugar entre o 20 de maio e o 9 de xuño.

A lonxevidade deste festival pon de relevo unha vez máis o traballo realizado pola organización, que volve traer aos escenarios da cidade artistas e propostas musicais de gran calidade artística e prestixio internacional. Ademais, subliña a paixón pola música que demostran ano tras ano as veciñas e veciños de Lugo.

Este ano o Festival de Música do Corpus contará con 8 concertos, que se celebrarán no Círculo das Artes de Lugo, agás o da pianista Noelia Rodiles, que terá lugar no Conservatorio de Música Xoán Montes.

Un ano máis, todos os concertos serán con entrada de balde ata com-



pletar a cabida.

A primeira das citas é a actuación de Ensemble Praeteritum, o 20 de maio, que ofrecerá unha nova forma

de facer música clásica.

Ademais, no programa figura outro grupo de relevo no panorama musical, La Bellemont, que poderá verse

e escoitarse o 3 de xuño.

Non faltan tampouco as voces e o virtuosismo doutros artistas, como a pianista Noelia Rodiles, que actuará o 23, ou o especialista en clave Pierre Hantaï, na seguinte cita do 25.

Engáñense as voces do contratenor estadounidense Lawrence Zazzo, ou a soprano Roberta Invernizzi, os días 30 de maio e 7 de xuño, respectivamente.

Para completar a programación destacan dúas orquestras, a de Vigo 430, o día 27 de maio, e a Sinfónica de Galicia, que porá o colofón ao festival o día 9 de xuño.

O Festival de Música Cidade de Lugo está organizado pola Sociedade Filharmónica de Lugo en colaboración coa Concellería de Cultura e Turismo do Concello de Lugo e a Vicepresidencia da Deputación (Area de Cultura).

PROGRAMA

- 20 de maio**
 Círculo das Artes. 20.30 h
 Ensemble Praeteritum
 Pablo Suárez Calero, dirección
 Mahler: Sinfonía nº 1 Titán (Redución para ensemble)
- 23 de maio**
 Conservatorio Profesional de Música Xoán Montes. 20.30 h
 Noelia Rodiles, piano
 Ligeti / Schubert
- 25 de maio**
 Círculo das Artes. 20.30 h
 Pierre Hantaï, clave
 Lembrando a Gustav Leonhardt – J. S. Bach
- 27 de maio**
 Círculo das Artes. 20.30 h
 Orquestra Sinfónica Vigo 430
 Iria Folgado, óboe
 Vicent Alberola, dirección
 J. Eiras / R. Strauss / D. Shostakóvich
- 30 de maio**
 Círculo das Artes. 20.30 h
 Lawrence Zazzo, contratenor
 Tercia Realidad Orquestra Barroca
 Jorge Jiménez, dirección
 Quando Corpus Morietur. Agonía e oración na música italiana do S. XVIII
- 3 de xuño**
 Círculo das Artes – 20.30 h
 La Bellemont
 Choralfantasie (J. S. Bach e predecesores)
- 7 de xuño**
 Círculo das Artes – 20.30 h
 Roberta Invernizzi, soprano
 Ars Atlántica
 Manuel Vilas, dirección
 Monte/Verdi (A arte da redución operística. 300 anos de ópera italiana fóra dos teatros, de Monteverdi a Verdi).
- 9 de xuño**
 Círculo das Artes – 20.30 h
 Orquestra Sinfónica de Galicia (OSG)
 Dima Slobodeniouk, dirección
 Schubert / Mozart. Sinfonías.

Oito artistas de gran calidade internacional



Ensemble Praeteritum

Conxunto instrumental creado polo violinista Pablo Suárez Calero en 2011. Un dos seus obxectivos é a busca da novidade na maneira de afrontar a música. Por medio de fortes contrastes dinámicos, improvisacións, cadencias, recitativos, e unha busca de cores no son, interpreta a partitura creando unha beleza especial.



Noelia Rodiles

Noelia Rodiles fixo do diálogo entre o gran repertorio clásico e romántico e a creación actual unha das súas apostas e trazos de identidade. Actúa regularmente nas principais salas de España. Foi cualificada como “un dos máis sólidos valores do pianismo español, do pianismo internacional”.



Pierre Hantaï

Nado en 1964, empezou a estudar música aos once anos. Tras fundar un grupo de cámara cos seus irmáns, empezou moi cedo a dar os seus primeiros recitais e o seu nome pasou a ser coñecido grazas á obtención de diversos premios internacionais, converténdose nun dos principais clavecinistas de referencia mundial.



Orquestra Vigo 430

Comeza a funcionar no 2005, coa premisa de crear un núcleo de corda de calidade en Vigo para, xa a partir do 2009, abordar progresivamente repertorio sinfónico. A partir do 2015 comeza a súa andaina como orquestra residente do Auditorio Mar de Vigo e consolidando dende entón unha tempada de concertos anual.



Lawrence Zazzo

Unha carreira de éxito na ópera internacional levou ao contratenor estadounidense á maioría dos teatros de ópera e festivais máis importantes do mundo. Zazzo é un entusiasta defensor da música contemporánea e do século XX. Traballou con infinidad de directores nos campos da música barroca e contemporánea.



La Bellemont

Tras 15 anos de traxectoria, La Bellemont situouse en España como un conxunto de referencia na interpretación da música barroca. Naceu en 2007 coa vontade dos seus fundadores (Sara Ruiz, Rafael Muñoz e Laura Puerto) de lograr unha interpretación moi persoal do repertorio para viola da gamba e baixo continuo.



Roberta Invernizzi

Nada en Milán, estudou piano e contrabaixo antes de comezar os seus estudos de canto con Margaret Heyward. Especializada no repertorio barroco e clásico, é hoxe unha das máis eminentes solistas neste ámbito. Cantou na maior parte dos teatros máis importantes de Europa e os EUA.



Orquestra Sinfónica de Galicia

Creada en 1992 polo Concello da Coruña, cidade en cuxo Palacio da Ópera ten a súa sede, a Orquestra Sinfónica de Galicia (OSG) é unha das agrupacións orquestrais de maior proxección en España ademais dunha marca internacional con seguidores nos cinco continentes a través da súa canle de YouTube.

Xuventude organiza sesións sobre adicións ás tecnoloxías e de seguridade cibernética

Catro expertos galegos e de ámbito nacional expoñerán distintos contidos relacionados coa prevención das adicións tecnolóxicas desde diferentes perspectivas na 4ª edición do ciclo de xornadas Adicións sen substancia, organizada polo Concello de Lugo no marco do Plan Municipal de Prevención de Drogodependencias. Esta xornada está destinada ao público xuvenil, profesionais e familias, desde a concellería de Xuventude animan á participación de toda a veciñanza, xa que “pretendemos afondar nos problemas máis actuais derivados da adición ás novas tecnoloxías e a relevancia do rol profesional na abordaxe das mesmas”, alerta o edil Mauricio Repetto.

O ciclo incluírá catro conferencias nas que profesionais de diferentes campos falarán de prevención, sensibilización e investigación sobre a educación no mundo dixital e as relacións coas novas tecnoloxías.

A primeira xornada celebrárase o día 4 de maio no Politécnico de Lugo, ás 18.00 horas, a xornada xirará en torno ao noso comportamento en redes: qué son capaces de facernos sentir, se nos produce malestar ou benestar, se nos conectan ou nos desconectan, sendo estas e outras cuestións abordadas nunha sesión reflexiva que estará dirixida por Patricia Gómez, doutora en Psicoloxía que desde 2012 forma parte do grupo de traballo da Unidade de Psicoloxía do Consumidor e Usuario da Universidade de Santiago de Compostela (USC), onde desenvolveu a súa tese titulada *O uso problemático da internet e as Novas Tecnoloxías entre os adolescentes galegos*.

SEGURIDADE CIBERNÉTICA. O Servizo de Prevención de Drogodependencias e outras adicións, adscrito á



Concellería de Xuventude, e dentro do Programa +XTÍ 2023 subvencionado polo Ministerio de Sanidade (Plan Nacional sobre Drogas), abre á mocidade lucense o prazo de inscrición – entre o 24 de abril e o 3 de maio – do curso de diagnóstico, reparación de móbiles e seguridade cibernética.

A actividade está dirixida á xuventude de 18 a 35 anos, é gratuíta e inclúe 15 prazos. Os cursos terán lugar no Centro de Convivencia Municipal Uxío Novoneyra, os venres e sábados do 5 de maio ao 30 de xuño.

As clases, abarcan un total de 60 horas, inclúen formación en ferramentas útiles para a reparación de smartphones, substitución de pantallas, avarías máis comúns nos smartphones, nocións básicas de seguridade cibernética, en navegadores, en RR.SS e en correo electrónico, etc. O curso desenvolverase os días 5, 6, 12, 13, 19, 20, 26 e 27 de maio e 2, 3, 9, 10, 16, 17 e 30 de xuño. Os venres, en horario de 16.30 horas a 20.00 horas, e os sábados de 10.00 horas a 13.00 horas.

A inscrición, que se realizará a través da web lugomasxti.org, será por rigurosa orde e ata cubrir prazos.

Comeza no Vello Cárcere un ciclo de charlas sobre a romanización

O ciclo de conferencias Gallaecia: pasado común do Noroeste peninsular, chega ao Vello Cárcere todos os martes de maio, enmarcado na programación impulsada polo goberno de Lara Méndez con motivo da Capital da Cultura do Eixo Atlántico. Esta iniciativa reunirá a reputados arqueólogos e expertos para abordar a romanización en Lugo e o resto de Galicia e no norte de Portugal.

As diferentes rexións que compoñen o noroeste peninsular comparten moitas similitudes como as súas paisaxes, o clima, a cultura, ou o carácter das súas xentes, entre outras. Este vínculo é froito dun pasado común: a provincia romana de Gallaecia que, lonxe da fronteira internacional que hoxe delimita Galicia e Portugal, uniu ese territorio baixo o control do Imperio Romano.

Neste senso, Lara Méndez explicou que “este ciclo de conferencias pretende dar o coñecer ese pasado compartido para comprender me-



llor o noso presente; por iso quixemos contar cos mellores conferenciantes de toda Galicia e Portugal, da talla de Santiago Ferrer, Fermín Pérez Losada, ou Miguel Sopas de Melo Bandeira, entre outros”.

A rexedora destacou a importancia de compartir coñecementos e experiencias con especialistas no proceso da romanización, “e que estas reflexións se desenvolvan en Lugo, a cidade máis antiga de Galicia e que foi unha das principais urbes do noroeste peninsular, xunto con

Bracara Augusta (Braga) e Asturica Augusta (Astorga), nomeada capital do seu convento xurídico”.

Por iso, Méndez incidiu na necesidade de que Lugo acolla o Museo da Romanización de Galicia e do Noroeste Peninsular no Cuartel de San Fernando, tal e como estaba previsto, polo que unha vez máis reclamaremos á Xunta que cumpra co seu compromiso e así “poder protexer, coidar, difundir e investigar o noso pasado romano, que é o que representan as máis de 1.500 pezas arqueolóxicas propiedade da Xunta que están distribuídas en numerosos centros lucenses, a gran parte en caixas, e mesmo en domicilios de arqueólogos”.

O primeiro dos debates foi o 2 de maio sobre *A Cidade de Terroso e a Vila Mendo Estela, aspetos da Proto-História e Romanización do Litoral Minhoto*.

O 9 maio, o especialista Tomás Vega Avelaira falará de O exército e as obras públicas na Gallaecia romana.



CENTRAD. Corenta persoas chegadas de distintos puntos do Estado e doutros países de Europa -Italia, Portugal e Bélxica- participaron no curso de interpretación de música medieval *Os Sons dos Camiños*, no Centro de Artesanía e Deseño. O curso reuniu a catro dos mellores intérpretes internacionais de música medieval: Francisco Luengo, Bor Zuljan, Manuel Vilas Paloma Gutiérrez del Arroyo,

Curso de pesca

O Servizo de Prevención de Drogodependencias e outras adicións abre o prazo de inscrición para que lucenses, entre 18 e 49 anos, se inscriban nun curso de pesca deportiva, impartido polo pentacampeón do mundo de pesca, David Arcay.

Esta actividade está plantexada para realizarse durante as mañás e as tardes do mes de xullo.

A formación desenvolverase os sábados 1, 15 e 22 de xullo, e será de xeito presencial, no Río Miño (concretarase o punto de encontro cos participantes). As inscricións deben realizarse entre antes do 21 de xuño.

Queixas polo estado dos museos

O PP denuncia que “as salas da rede de museos seguen presentando as mesmas eivas dende hai anos e en plena Semana Santa os turistas que chegaron á cidade non puideron ver moitos dos contidos dos museos por estar fóra de servizo”. Beatriz Vázquez denuncia que “os paneis táctiles da rede de museos municipais segue sen funcionar, algo que xa se denunciou en numerosas ocasións”. Beatriz Vázquez tamén denuncia a “escasa programación cultural deseñada por parte do Concello para as xornadas festivas e presentou de novo a queixa habitual nos turistas que chegan á cidade: a ausencia de folletos informativos actualizados”.

escolActiva
Centro de Ensino

- ➔ Apoyo escolar en infantil y primaria
- ➔ Refuerzo en ESO y BAC en todas las materias
- ➔ Preparación de ABAU
- ➔ Idiomas: inglés, italiano, gallego y español para extranjeros

¡ADEMÁS TE PREPARAMOS PARA LAS PRUEBAS OFICIALES DE:

- Educación Secundaria para adultos (ESA)
- Competencias Clave
- Prueba de Acceso a la Universidad (UNED)
- CELGA
- Cambridge, APTIS y CILS

¡NUEVOS GRUPOS ONLINE!

¡INFÓRMATE!

Rúa Camiño Real 48, baixo 27004 Lugo.
676 115 427 / 982 807 670 / www.escolactiva.com
[instagram.com/escolactiva](https://www.instagram.com/escolactiva) [facebook.com/escolactiva](https://www.facebook.com/escolactiva)

erika pilates center

Pilates en grupos reducidos - Pilates preparto - Pilates postparto
Abdominales hipopresivos - Yoga

Calle Perpétuo Socorro 10-12, baixo. 27003 Lugo
Telf: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es
www.erikapilates.es

As Caldas do Miño rexistraron uns 3.600 usuarios no primeiro mes

No primeiro mes da apertura das Caldas do Miño, o balance ascende a preto de 3.600 usuarios, que son os rexistrados na aplicación de reservas municipal. Os dous días de maior afluencia foron o 6 de abril (Semana Santa) e o 17 de abril, cunha media de 166 e 153 persoas respectivamente.

Sobre o perfil das persoas que acoden a esta nova infraestrutura, o 75 % das persoas que se achen o fan en parella ou en grupos de familiares ou de amigos, e un 25% acoden de maneira individual.

As Caldas, segundo explicara a alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, naceron co obxectivo de ser un gran revulsivo cultural, ao estar inspiradas nas termas romanas, e un novo recurso turístico, xa que moi preto pasa o Camiño Primitivo,



vo, polo que poden converterse nunha etapa de parada e de descanso para os peregrinos que escollen este itinerario xacobeo, así como para a atracción de visitantes vinculados ao turismo de experiencias, que se atopa en auxe e que permitirá captar un turismo de calidade.

Neste sentido, os datos tamén reflicten, que dos usuarios, unha

media dun 15% proceden de fóra do municipio, cifra que ascendeu a un 40% nesta Semana Santa.

As Caldas do Miño están abertas todos os días da semana en horario de 10.00 a 22.00 horas. Para o seu uso, o Concello habilitou unha aplicación de descarga gratuíta, dispoñible tanto para IOS como para Android, a través da que será posible reservar praza.

Primeira visita oficial de Besteiro

O novo delegado do Goberno en Galicia, José Ramón Gómez Besteiro realizou a súa primeira visita institucional ao municipio e mantivo un encontro coa alcaldesa de Lugo, Lara Méndez. A rexedora, acompañada subdelegada do goberno, Isabel Rodríguez, recibiu na Casa Consistorial a Besteiro, quen asinou no libro de ouro do Concello.

A continuación, realizaron un percorrido polo casco histórico, onde supervisaron as rúas e zonas da cidade nas que nos vindeiros días comezarán as obras de peonalización, dentro do proxecto Corazón



Verde, que permitirá converter o recinto amurallado na primeira Zona de Baixas Emisións (ZBE) da cidade. Estes traballos levaranse a cabo a

través dos fondos Next Generation, enmarcados no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno Central.

A bióloga lucense Marisa Castro, galardoada pola súa excelencia profesional

Unión Profesional de Galicia, que representa os intereses de 41 colexios profesionais con 70.000 profesionais que exercen en Galicia nun total de trinta profesións, acordou na súa última asemblea entregar a súa Distinción a Juan José Martín Álvarez, secretario de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e ex director xeral de Xustiza do Executivo galego con recoñecemento a unha lucense.

Unión Profesional de Galicia entregará esta Distinción a Juan José Martín o próximo 5 de maio de 2023 no Hostal dos Reis Católicos, en Santiago de Compostela. Neste acto tamén serán entregados os 21 Galardóns Profesional Colexiado 2022, unha distinción que recoñece “as traxectorias profesionais e de servizo, a contribución ao prestixio da súa profesión, e os valores das mellores prácticas profesionais, sempre por encima de intereses particulares”.

“Estes 21 profesionais son unha



mostra da excelencia no exercicio das súas profesións ao servizo da sociedade galega; un exemplo de entrega e de compromiso en favor do benestar da sociedade galega”, destaca Antonio Macho, quen lembra que o acto de Entrega de Galardóns Profesional Colexiado 2022 servirá de homenaxe e recoñecemento do seu traballo.

Entre eses 21 profesionais destaca unha luguesa, a bióloga Marisa Castro Cerceda.

Un grupo de veciños do centro queren formar unha plataforma

Un grupo de veciños de Lugo ten como obxectivo crear unha plataforma veciñal para a zona centro da cidade, que se denominará Plataforma de Veciños do Barrio Centro de Lugo. Como explican, o obxectivo da mesma é “a canalización e defensa dos intereses dos residentes no mesmo, ante

os novos retos desta zona da cidade”.

As persoas interesadas en coñecer este proxecto e en sumarse á asociación poden contactar con eles a través do correo vecinos-centrolugo@gmail.com. Tamén realizarán reunións para darse a coñecer entre a veciñanza.

HERMANOS CASTEDO

SERVICIOS

- RECONSTRUCCIÓN DE TEJADOS VIEJOS
- TODO TIPO DE CUBIERTAS DE PIZARRA
- CUBIERTAS DE PANEL SANDWICH
- TODO TIPO DE MEDIANERAS
- VENTANAS VELUX - CANALONES
- VENTA DE TODO TIPO DE PIZARRA
- IMPERMEABILIZACIONES

Crta. Lugo - Fonsagrada, km.4 (Barbain) O CARQUEIXO - Lugo
Castedo, 13 - CASTROVERDE (Lugo) - Tels.: 982 231 874 / 610 558 035 - pizarrascastedo@hotmail.com

Abre na ronda do Carme unha sede de Agalure



Ana González Abelleira, asistiu á inauguración da sede en Lugo de Agalure, a Asociación Galega de Ludómanos en Rehabilitación. “Este centro permitirá unha atención máis próxima e mellor para as persoas que padecen este tipo de trastorno no noso entorno, sen que sexa necesario seguir desprazándose ata A Coruña, como ocorría ata o de agora”, valorou González Abelleira sobre este novo espazo situado na Ron-

da do Carme.

Este desprazamento, “por custo económico e temporal, supoñía que moitos afectados tivesen problemas para acceder á asistencia que precisan”, asegurou González Abelleira.

A concelleira tamén lembrou que “un 20% das persoas que reciben axuda de Agalure son lucenses, así que estas instalacións van cubrir unhas necesidades importantes”.

O Tour do Talento desprega nunha semana máis de 50 actividades

A cidade de Lugo acolle do 2 ao 7 de maio a cuarta parada do Tour do Talento 2023. Durante unha semana, organízanse máis de 50 actividades, entre as que destacan foros, talent sessions e unha programación de lecer e actividades deportivas en diferentes espazos da cidade para impulsar e conectar o talento novo. O Circuito do Talento en Lugo, promovido pola Fundación Princesa de Xirona e TRIVU como aliado estratéxico, organízase da man do Concello de Lugo e a colaboración de Fundación Vertex Bioenergy, Norvento Enerxía e a Xunta de Galicia.

Despois de pasar por Zaragoza (do 20 ao 24 de febreiro), Valladolid (do 13 ao 18 de marzo) e Córdoba (do 13 ao 19 de abril), o Circuito chega a Lugo cun programa enfocado a potenciar a empregabilidade, o emprendemento, os traballos do futuro, as competencias profesionais máis demandadas polas empresas, o awareness dixital, a educación, o benestar e o impacto social. Ademais, o



Circuíto despregará un contido específico sobre tecnoloxía e sustentabilidade aplicadas a distintos ámbitos en xeral e ao deporte en particular. Este evento itinerante, que celebra este ano a súa segunda edición, finalizará en Xirona (do 8 ao 13 de xuño). Ao longo de seis días, os mozos poderán gozar de sesións inspiradoras, debates e talleres, xunto a unha programación de lecer e actividades deportivas, entre máis de 50 actividades que se programaron, todas elas gratuítas e abertas ao público,

con aforo limitado. Para participar nos distintos talleres é necesaria a inscrición na web.

O Auditorio Gustavo Freire acollerá o acto central do Tour xunto co Congreso Importa e a Proclamación do Premio Princesa de Xirona de Investigación Científica o día 5, coa participación do Rei, Felipe VI.

O MIHL e Impulso Verde Lugo acollerán os foros, talent sessions, mesas de debate, talleres prácticos e conferencias inspiradoras da cuarta parada do Tour do Talento.

Arranca a Biciescola, para incentivar o uso deste vehículo

Con motivo de incentivar unha nova mobilidade neutra en carbono na zona urbana de Lugo,ponse en marcha as primeiras clases da Biciescola, para ensinar ás persoas a andar en bicicleta nos seus desprazamentos cotiás, fomentando hábitos de vida saudables”, sostén a rexedora.

A iniciativa enmárcase nas accións que se están activando coas aportacións das entidades participantes na Mesa Observatorio no marco do Centro de Promoción da Bicicleta, in-

tegrada por colectivos e institucións vinculados ao mundo da bicicleta e dos potenciais usuarios, como a Universidade, as ANPAs, os clubs ciclistas, os comercios especializados en ciclismo de Lugo, o grupo Mulleres en Forma e Masa Crítica.

O curso desenvolverase na contorna do Miño os venres 5, 12 e 19 de maio. As sesións terán unha duración de hora e media, de 18.30 a 20.00 horas. É necesario inscribirse antes do 4 de maio a través da web www.xuventudelugo.gal.



MOVÉMONOS POR LUGO. Foron entregados os premios aos participantes da campaña Movémonos por Lugo, posta en marcha para incentivar o uso da bicicleta e acadar unha mobilidade neutra en carbono nos desprazamentos pola cidade. O primeiro paso para impulsar este cambio de mobilidade foi a creación da senda verde ciclista urbana, de 15 quilómetros, explicou a alcaldesa, Lara Méndez.

Ciudadanos presenta un Plan para a inclusión da mocidade no tecido empresarial

Ciudadanos presentou un plan para a inclusión da mocidade no tecido empresarial. “Na última década, case 50.000 mozos e mozas marcharon da nosa comunidade. Lugo ten unha das taxas de natalidade máis baixas de todo o país. Nos últimos anos seguimos a perder poboación nova e vemos como os nosos fillos e fillas teñen que marchar para traballar. Lamentablemente, Lugo lidera todas estas estatísticas negativas a nivel galego. É necesario que a administración local se implique neste grave problema silenciado”, sinalou a concelleira da formación liberal.

O paquete de medidas proposto inclúe axudas ao emprendemento xuvenil para afrontar o pago de cotas á Seguridade Social nos seis primeiros meses ou un plan de emprego e de formación xuvenil consensuado e pactado con empresas e institucións colaboradoras co fin de diminuír a taxa de paro xuvenil na cidade e aumentar as súas oportunidades e a súa inserción laboral, adaptando a formación á demanda laboral específica do tecido empresarial.

“Esta situación ten importantes consecuencias no transcurso da súa formación e posterior inserción laboral. Os datos revelan taxas máis baixas de emprego, emancipación, propiedade da vivenda, natalidade e en calidade de vida en comparación coa xeración anterior”, prosegue.

Ponte en forma, mejorar el rendimiento, disfrutar más de cada carrera.

Tanto si haces running por placer, como si entrenas con ambición o deseas ser un atleta profesional, con nuestros innovadores BEMER Sets logrará la mejor versión de ti mismo.

BEMER puede estimular la circulación de los microvasos.

Su irrigación desempeña un papel primordial en numerosos procesos fisiológicos.

Por ejemplo, en el descanso, el sueño y la regeneración, así como en la provisión de reservas de rendimiento físico y mental.



PRUÉBALA EN

Verxel
HERBOLARIO

Montero Ríos, 41 27002 - Lugo. Tel.: 982 251 827
josemanuel@verxel.es www.verxel.es

DISTRIBUIDOR AUTORIZADO

MÁSMÓV!L
NEGOCIOS

SERVICIOS INMOBILIARIOS
SEGUROS DE PREVENCIÓN DE RIESGOS
SEGUROS GENERALES

¡SE NECESITAN COMERCIALES!

VALIREY LUGO S.L.

Oscar Valiño Pin **NUEVA DIRECCIÓN**

Ronda das Mercedes N° 48 entreplanta - Lugo

628 126 720 - info@valireylugo.com



Por Lugo:

**VAI
EN
BUS**

Máis barato

Máis ecolóxico

Sen buscar aparcamento

urbanoslugo.com



#activandolugo



Concello de Lugo

Área de Mobilidade e
Infraestruturas

Lugo reciclou no primeiro trimestre 16 toneladas de téxtil



A concellería de Medio Ambiente informou que, dende a implantación, a principios de ano, na cidade dos colectores de roupa usada, o servizo municipal de limpeza Luce Lugo leva recollido máis de 16 toneladas (16.252 kilos) deste tipo de residuos, a razón de 368 kg en xaneiro, 2.574 kg en febreiro e 13.310 kg en marzo. A implantación destes contedores, 75, que se colocaron

en todos os barrios da cidade e que cumpren coa normativa europea aplicable en deseño en construción, enmárcase nas actuacións postas en marcha co novo servizo de limpeza e recollida de lixo da cidade, Luce Lugo dentro do que tamén se incluíu a instalación de recipientes de aceite doméstico, cunha capacidade de 240 litros cada un, nunha iniciativa pioneira en Galicia.

Ciudadanos comprométese a impulsar un plan contra o ruído

A candidata de Cs, Olga Louzao, comprometeuse a impulsar un Plan municipal contra o ruído co obxectivo de que a cidade rexistre uns parámetros aceptables antes de 2025. Esta iniciativa contempla melloras en materia de seguridade e unha nova ordenanza de contaminación acústica, xa que a actual data de 1993.

“O descanso e a tranquilidade de centos de veciños está a ser perturbado polo descontrol que existe sobre a actividade rueira na franxa

de horario do lecer nocturno e na hora posterior ao peche deste. Nos últimos 4 anos non paramos de recibir queixas de distintas zonas, pero de forma especial preocupáanos Clérigos, rúa Tui ou Camiño Real. A situación e o descontento veciñal evidencia as carencias de xestión nesta materia. Por iso hoxe, Día Mundial contra o Ruído comprométeme a que este asunto sexa tratado coa importancia que merece”, sinalou a portavoz da formación laranxa.

HERBÓN DESGUACES
Rúa da Industria, 38. Pol. Ind. O Ceao - Lugo / Tel.: 982 207 018
herbondesguaces@gmail.com / www.desguacesherbon.com

INSTALACIONES ESPECIALIZADAS EN TODOTERRENO Y FURGONETAS
Rúa da Industria, Pol. Ind. O Ceao / 982 209 222 - 982 207 018

Polígono As Gándaras, Rúa Fontán Rodríguez,
Calle F - Parcela H4, Lugo / Tel.: 982 147 951

O Concello inicia a tramitación para adherirse ao sistema VioGén

A alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, anunciou que o Concello vén de iniciar a tramitación para adherirse ao Sistema de Seguimento Integral nos casos de Violencia de Xénero, VioGén.

“Trátase dunha ferramenta de protección integral que contribuirá a garantir, xunto ao resto de medidas habilitadas dende as distintas Administracións con competencias na materia, a seguridade das agredidas e dos seus fillos e fillas”, resumiu a rexedora.

Este foi un dos asuntos que a mandataria lucense abordou durante a reunión semanal co Intendente da Policía Local, Jesús Piñeiro, xa que será este Corpo o encargado de solicitar á Policía Nacional a elaboración dun

convenio de colaboración no que se recollan os protocolos de actuación a seguir, en coordinación co resto das forzas de seguridade do Estado. “O obxectivo é ampliar as garantías e o nivel de vixilancia que se realizará a estas mulleres e ás súas crianzas para o que prevemos a creación dunha unidade de axentes que terá como principal cometido realizar un control aos casos que xa se atopan en seguimento no municipio”, sinalou Méndez.

A rexedora enfatizou o labor preventivo que permitirá exercer o VioGén, xa que posibilita a emisión de alertas ou alarmas – a través do Subsistema de Notificacións Automatizadas – cando se detecta algunha incidencia ou acontecemento que poida poñer

en perigo a integridade da vítima. “Favorece unha intervención directa entre as mulleres e os efectivos policiais que se encargan da súa custodia de maneira que poden enviar unha mensaxe ao seu teléfono particular para avisar, por exemplo, de que o seu agresor saíu con permiso penitenciario, de cal é a duración do mesmo ou dos motivos polos que se lle concedeu”, relatou a alcaldesa.

Unha tarefa na que este sistema resulta un instrumento de apoio moi importante, en tanto integra información policial, xudicial e penitenciaria e facilita a coordinación das diferentes accións emprendidas, dende calquera ámbito, para protexer ás vítimas”, concluíu.

Repartidos en Lugo os premios aos vinte Milagrosistas do Ano



Un ano máis, a Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais da Milagrosa recoñeceu a 20 persoas e entidades que contribúen a crear barrio e cidade a través dos premios Milagrosistas do Ano.

Os premios foron entregados no transcurso dunha cea no restaurante Manuel Manuel de Lugo. O club Breogán foi un dos premiados da noite, que recibiu o seu galardón acompañado pola música do himno.

Os políticos, como sempre leváronse moitos dos galardóns. O novo delegado do Goberno en Galicia, o lugués José Ramón Gómez Besteiro, recibiu o premio ao ritmo da canción Resistiré, para continuar con outros recoñecementos como o da delegada de Educación, María José Gómez ou a alcaldesa de Lugo, Lara Méndez. Tamén recibiron senllos galardóns outros alcaldes, como o de Abadín, José María López Rancaño; Foz, Francisco Cajoto, e Ribeira de Piquín, Roberto Fernández.

No campo das institucións, foron recoñecidos os bombeiros de Lugo, o inspector da Policía Local, José Antonio Mera López, e o comisario de Operacións da Policía Nacional, Lis Miguel Romero.

Os empresarios tamén tiveron o seu apartado, en especial para Arenal Perfumerías, Huno Peluqueros, Ferretería Elías e Abanca.

Tamén tiveron o seu recoñecemento o fotógrafo Pepe Álvez, o responsable da xestión da USC en Lugo Antonio Álvarez, o catedrático José Carlos Pérez Fernández, o sindicato Anpe, o membro da directiva da CEL Eduardo Valín Fernández e a Fundación Daño Cerebral.

O barrio da Piringalla celebra as súas festas de San Isidro entre o 12 e o 17 de maio

O barrio lucense da Piringalla celebra as súas festas de San Isidro durante seis días.

As celebracións darán comezo o venres 12 ás 17.00 cunha actuación dun grupo de gaitas para continuar ás 19.30 cun sorteo e as 20.00 cunha degustación de empanadas.

Ás 21.00 será a quenda do pregón a cargo de Javier Arias e ás 21.30 haberá outro sorteo. Para finalizar a xornada, ás 23.15 dará comezo a verbena amenizada pola orquestra Pontevedra.

O sábado ás 12.00 e ás 19.00 haberá unha actuación do grupo de gaitas e ás 22.30 dará comezo a verbena a cargo da orquestra Saudade e o solista da orquestra Abanico, José Manuel.

Similar ao sábado será a xornada do domingo que contará coa actuación do grupo de gaitas ás 12.00 e ás 19.00 e para rematar a verbena ás 22.45 a cargo do Combo Dominicano e Javi Show.

O luns as celebracións darán comezo cunha misa con procesión na igrexa da Milagrosa ás 12.30. Xa pola tarde, ás 18.00, actuará un grupo de zumba e ás 19.00 o grupo de gaitas.

O martes, ás 19.00 volverá ser a quenda do grupo de gaitas para continuar ás 22.45 coa actuación da orquestra Cinema e o dúo Dilema.

Para finalizar as festas neste populoso barrio da Piringalla o mércores 17 haberá actuación do grupo de gaitas ás 12.00 e ás 19.00 e ás 18.00 será a quenda do grupo de zumba.

As protestas enchen as rúas

A manifestación dos gandeiros e a de médicos foron dúas das concentracións máis numerosas que tiveron lugar na cidade

Durante o mes de abril, varios colectivos aproveitaron a proximidade das eleccións para facer forza nas súas reivindicacións, tanto laborais como sociais. Dúas delas concentraron un gran número de persoas, a dos médicos, que completaban a folga que se estaba a levar a cabo e que xa finalizou, e a dos gandeiros, que continúa.

Uns 2000 gandeiros e 400 tractores saíron á rúa na cidade de Lugo polos baixos prezos e os recortes nas axudas. A manifestación que saíu ás 11.30 horas do polígono industrial das Gándaras percorreu as principais rúas da cidade, como a avenida da Coruña ou a Ronda da Muralla.

Os gandeiros, acompañados dunha trintena de vacas, pararon diante da sede da Subdelegación do Goberno onde leron un manifesto para finalizar no edificio administrativo da Xunta de Galicia.

As protestas están organizadas pola Asociación Gandeiros Galegos da Suprema, que foi a lista máis votada nas recentes eleccións á IXP Ternera Gallega, aínda que outras agrupacións como Agromuralla, Agromacen, Aliga ou Proecogal tamén apoiaron a convocatoria.

Entre os motivos desta manifestación están “os baixos prezos, os altos custos de produción e o recorte nas axudas da nova PAC”. “O problema de baixos prezos non se resolveu, seguimos sen chegar aos custos de produción, que a propia Xunta fixou, con datos do 2021 que xa están obsoletos, en 6,20€ por quilo, cando neste momento os prezos de venda móvense entre 5,70 e 5,80 euros/kg”, explica Santiago Rego.

Os gandeiros séntense “atrapados nun sistema dominado polos matoiros e a distribución” no que non teñen “ningún tipo de marxe de ma-



nobra”. “Existe unha presión enorme da industria, por parte de distintos operadores, para que asinemos contratos con cláusulas que din que os prezos que nos pagan cubren os custos de produción, tal como establece a Lei da Cadea Alimentaria, cando non é certo, pero se non os asinamos ameázannos con non levarnos os becerros”, denuncian.

Do mesmo xeito, quéixanse de que non existe por parte nin da Xunta nin do Ministerio control de ningún tipo sobre os custos de produción, dado que “os cereais pegaron unha

baixada significativa pero o prezo do penso séguennolo cobrando a 500€ a tonelada”, din. A intención é manter un retén diante do edificio administrativo da Xunta e convocar unha tractorada novamente.

MÉDICOS. Tras nove días de folga na Sanidade, parálise nos quirófanos e consultas de especialistas e decenas de miles de pacientes afectados, chegouse a un acordo entre médicos e o Sergas para poñer fin ao paro indefinido que iniciaron o pasado 11 de abril. Agora haberá que ver cando



se restablecerá a normalidade.

Tras seis horas de negociación, a folga quedou desconvocada despois de que Ramón Barreiro Paz, presidente do sindicato, e Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade, selasen o acordo, que pon fin a un paro que deixou as seguintes cifras: 1.670 intervencións cirúrxicas suspendidas, 32.696 consultas externas anuladas e 2.691 probas pendentes en Galicia. As melloras pactadas son un incremento do prezo das gardas médicas “diferenciando as laborais das prestadas os domingos e festivos, así como nos casos que se realicen cinco gardas ou máis ao mes”. Ademais, os días 24 e 31 de decembro pasarán a ser de especial consideración.

A negociación, que na súa base falaba de mellorar a xestión das consultas e da atención sanitaria en xeral solicionouse cun tema económico aínda que moitos dos médicos mostraron a súa disconformidade co fin das protestas.

MILAGROSA. A plataforma de veciños SOS Milagrosa Lugo Norte acompañada de veciños do barrio saíron á rúa para reclamar a rehabilitación dos barrios da zona de Lugo norte co fin de parar a degradación que están sufrindo.

Tras unha saída ás 12.00 da igrexa da Milagrosa os veciños chegaron a praza do Concello onde varios membros da asociación se reuniron con Alvarellos, Miguel Fernández e Ana Abelleira.

Por parte do Concello informouse-lles que as iniciativas e acción que se están levando a cabo incluíndo as visitas a domicilio nas que participa a propia alcaldesa, a realización de enquisas e estudos técnicos, as xuntanzas previstas con comerciantes, hostaleiros, centros educativos e po-boación en xeral.

NADELA. Veciños e veciñas do Vilar de Nadela, que viven nas proximidades da fábrica de Tableros Hispanos, manifestaron as súas protestas ante os efectos provocados pola fábrica sobre o territorio e a saúde.

Afirman que o fume pola actividade da fábrica resulta insoportable, de aí que a veciñanza leve anos reclamando, tanto aos responsables da fábrica como ás institucións medidas contra os efectos do fume e o picor persistente en ollos e gorxa. Dende o BNG piden “celeridade e premura” para que os veciños e veciñas do Vilar poidan vivir nas súas casas.



HIPERXEL. As traballadoras das tendas de conxelados que Hiperxel de Lugo concentráronse de novo para visibilizar a folga que secundan porque a empresa débelle tres mensualidades e ademais sofren desabastecemento de mercadorías.

PREFABRICADOS Y HIERROS TOURÓN

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



NUEVO SERVICIO: PLANTA DE HORMIGÓN



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.

Vilar de Sarria, 34
27614 Sarria - Lugo
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933
email: hierrostouron@gmail.com

O Pleno da Deputación pedirá á Xunta que corrixa o proxecto da Ronda Leste

A Deputación de Lugo aprobou no último Pleno ordinario do mandato unha moción socialista instando á Xunta de Galicia a que corrixa o proxecto de trazado da segunda fase da Ronda Leste ante as "graves irregularidades" detectadas pola institución, segundo recolle un amplo documento de 400 páxinas con informes elaborados polos servizos técnicos provinciais.

José Tomé destacou que a Deputación fixo alegacións "moi ben fundamentadas e con moita precisión de datos, o que nos dá a razón", e pediu á Xunta negociar co Concello e a institución provincial, xa que "ambas estamos afectadas".

A proposta do Grupo Provincial do PSdeG saíu adiante cos votos a favor do BNG e coa abstención do PP, despois dun debate no que os socialistas constataron que os populares "non teñen ningún argumento" ante as deficiencias expostas pola Deputación.

A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, incidiu "nos fins electorais" que moven "en exclusiva" á Xunta con esta obra, lembrado que a propia Elena Candia "votou en contra da infraestrutura neste mesmo Pleno, cando era Deputada provincial", e asegurando que "saben perfectamente que neste ano 2023 non van facer nin un só metro de obra. Non lle mintan ós lucenses".

A Deputación de Lugo esixe á Xunta de Galicia a paralización do proxecto ata que haxa un consenso político e social sobre a súa conveniencia e trazado, tal e como propuxo o BNG a través dunha emenda á moción.

Durante o debate, a vicepresidenta da Deputación de Lugo e deputada nacionalista Maite Ferreiro reiterou o posicionamento do BNG en relación con este proxecto. "A maioría do pobo de Lugo non quere esa infraestrutura e nos cuestionamos que sexa necesaria a esta altura, despois de 20 anos nos que a situación da cidade cambiou moito e non se parece en nada ao que plantexaba o PXOM daquel momento nin ás necesidades que prevía", explicou.

PARTIDO POPULAR. O PP lamenta o atraso na tramitación da Rolda Leste debido ao "descoido" do Concello ao non colgar no taboleiro de anuncios o proxecto sometido a exposición pública. Explican os concelleiros populares que isto supón que non sexa posible analizar as alegacións recibidas ata o momento por non poder rematar este período de consulta, xa que haberá que agardar un mes máis para cumprir os requisitos legais necesarios. Os populares agardan que este "descoido" débese á inoperancia do goberno local e non sexa "unha manobra para non ter que posicionarse e propoñer un trazado alternativo ao marcado pola reserva viaria no PXOM".

Recordan dende o Grupo Municipal Popular que o trazado sometido a información pública "é idéntico ao previsto no PXOM do Concello de Lugo", agás un punto concreto no que se despraza moi lixeiramente, xusto co obxectivo de reducir máis o impacto paisaxístico e ambiental sobre a contorna do río Rato.

Comeza a demolición do Garañón, que se parou durante unhas horas

Comezaron xa os traballos previos para a demolición das torres do Garañón, traballos que se puxeron en perigo durante unhas horas ao paralizar os traballos o xulgado. Malia o susto inicial, ese atranco durou só ata a tarde.

Dous días despois de que a empresa adjudicataria dos traballos e o Concello firmaran a acta de replanteo do inicio de obra e cando procedían á retirada do material de obra abandonado, na xornada, chegou a orde de paralización.

Esta paralización estaba motivada polo recurso presentado polo promotor da obra no que demandaba que se parase o proceso ata que se solventase o xuízo pola indemnización. Finalmente, o Concello recibiu a orde para poder continuar cos traballos, que teñen como data de finalización máxima o mes de agosto.

Os primeiros traballos consistirán no levantamento topográfico que permitirá á empresa organizar e planificar as tarefas, sempre en condicións de seguridade para o ámbito no que se está actuando. Durante a execución das obras, o Concello exercerá un seguimento das mesmas cunha periodicidade mínima de 15 días, coa intención de controlar os progresos e verificar diferentes aspectos. Tras instalar un valado de protección ao redor da parcela e realizar o levantamento topográfico, iniciarán os labores coa anulación das acometidas e a eliminación do illamento dos teitos de forxados do bloque nordeste, que ten nove plantas sobre rasante. Demoleranse 37.796'49 metros cúbicos que equivalen a 14.868 metros cadrados de superficies construídas.



O xulgado exixe ao Concello de pagar ao promotor

O Xulgado do Contencioso-administrativo número 2 de Lugo rexeitou o recurso interposto contra o Concello de Lugo polo promotor da parcela do Garañón, no que lle reclamaba 15,4 millóns polos prexuízos que en 2011 lle ocasionaba a paralización da edificación. O recurso ante o xulgado foi presentado en xullo de 2013, despois de que a administración municipal rexeitase a solicitude de responsabilidade patrimonial que presentara en novembro de 2011.

O maxistrado rexeita a pretensión do construtor porque asegura que, en 2011, non concurría "un dano efectivo, avaliabile economicamente e individualizado". Así, salienta que "o que ocorreu nese momento ha de incardinarse dentro das

marxes do razoable, non sendo a primeira, nin única vez, que ha de retrotraerse un procedemento administrativo por falta dun informe". O maxistrado explica que, finalmente, "a suspensión da execución da obra operouse como resultado dunha resolución ditada en sede dun proceso de instrución penal, iniciado en 2009 e arquivado definitivamente pola Audiencia Provincial en 2021". Ademais, sinala que non se debe esquecer a entrada en concurso voluntario do recorrente e a súa empresa promotora en xullo de 2017, hoxe en fase de liquidación. O xuíz tamén destaca que a administración municipal optou por "modificar o réxime urbanístico do polígono e considerar todo o terreo como zona verde".

mybike Lugo

OFERTA EN BICICLETAS Y ACCESORIOS DE FIN DE TEMPORADA

CONSULTANOS SIN COMPROMISO

Rúa María Barbeito 2, Polígono Industrial As Gándaras
27003 Lugo - Tel.: 982 816 138
www.my-bike.es

RAXERIA LAXA

ESPECIALISTAS EN CARNE DE VACA PREMIUM

C/ EDUARDO PONDAL 20, BAJO, LUGO - TEL.: 982 216 536
www.raxeriaalaxa.com

O BNG lembra á Xunta os terreos que hai xunto ás Termas para facer vivenda pública

Rubén Arroxo lembrou á Xunta que conta con terreos na contorna das Termas para levar adiante a construción de vivenda pública. Arroxo criticou que "o proceso de licitación das vivendas do Castiñeiro aínda está publicado na plataforma de contratación como pendente de adjudicar, polo que o goberno podería seguir adiante con este proxecto". Arroxo defendeu que a contorna das Termas "é unha zona que xa conta con servizos e dotacións, e permitiría avanzar no obxectivo de repartir a vivenda social por toda a cidade, e non concentrala nun único barrio".

Aprobada a totalidade do PXOM

Culmina o procedemento para a aprobación da totalidade do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Lugo que xa é definitiva e completa desde o mes de abril.

A Xunta de Goberno local daba o visto bo ao proxecto de revisión do PXOM, incorporando xa a documentación xustificativa do cumprimento dos condicionantes aos que a Consellería de Medio Ambiente supeditaba a súa valoración favorable ao texto.

Dáse, por tanto, cumprimento ás especificacións do informe autonómico emitido o pasado mes de setembro, finalizando así a ordenación urbanística da totalidade do ámbito territorial de Lugo que non fora obxecto de aprobación en 2011 e para cuxa entrada en vigor só resta a validación no Pleno deste mesmo mes e a posterior publicación e remisión á Xunta para a

súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

“É, sen ningún tipo de dúbidas, un fito para o crecemento racional e sustentable do municipio, que permitirá o desenvolvemento de todo ese chan que arrastraba máis dunha década de incertezas administrativas, freando o aproveitamento do territorio, dunha forma moi significativa no ámbito rural, pero tamén coartando a súa expansión industrial”, sinalou a alcaldesa Lara Méndez.

A rexedora lembrou que as zonas afectadas pola parte aínda inconclusa do Plan ascendían a un total de 70 núcleos rurais das parroquias (21) de Teixeira, Mazoi, Santa María de Muxa, San Salvador de Muxa, San Pedro de Muxa, Tirimol, Ombreiro, Vilachá de Mera, Adaj, Pedreda, Santa María de Bóveda, Alta, Alto, Piúgos, Esperante,

San André de Castro, Coeo, Coeses, Lamas, Mera e Piñeiro.

“Esta aprobación permitirá, só no rural, o desenvolvemento de 915.000 m2 de solo urbanizable delimitado e doutros 985.000 m2 de chan urbanizable delimitado periurbano cunha capacidade de uso residencial para 7.750 vivendas, das que un 35% serán públicas. Posibilitando, alén, a transformación de 1.364.000 m2 máis de solo urbanizable industrial para a implantación de actividades económicas. Será, por tanto, un revulsivo para o tecido produtivo local que reactivará os sectores vinculados á construción pero que tamén permitirá a moitas empresas asentarse e ampliar as súas instalacións e a moitas familias atopar postos de traballo e un lugar axeitado para establecerse”, incidiu Méndez.



MURALLA. Rematou a limpeza dos paramentos da Muralla de Lugo para acoller á colonia de cirrios que cada primavera nidifica no monumento. No exterior, que é a zona que concentra o maior número de niños, está practicamente lista, e no interior, onde a incidencia é moi escasa, irase completando coa supervisión dun biólogo. Os labores terminarán no adarve, onde non se interfere coa actividade dos paxaros.

zona rural

Medio Rural prepara un novo calendario de roza nas parroquias

A área de Medio Rural, que dirixe o tenente de alcaldesa Miguel Fernández, perfila xa o calendario de roza que se levará a cabo este ano nas parroquias do concello.

Unha actuación na que o Executivo de Lara Méndez investirá 181.500 euros e coa que se pretende mellorar o estado de conservación das estradas pero, sobre todo, velar pola seguridade viaria da cidadanía.

Así, a Xunta de Goberno, autorizou esta semana a apertura dunha nova licitación para acometer os traballos. “Un expediente que foi dividido en 2 lotes co obxectivo de permitir a simultaneidade das tarefas nas zonas norte/leste e sur/oeste do termo municipal”,

explicou o edil.

As adjudicatarias disporán dun prazo de tres meses para executar os labores de limpeza da maleza, tanto mecánica como manual, nos que se inclúen as dúas marxes da calzada, cunetas e gabias, pero tamén os paseos, campos da festa, explanadas ou prazas que sexan de titularidade pública.

“Intervencións que, no seu conxunto, afectan a un total de 750 quilómetros de vías e que se completan coa roza dos camiños e das pistas forestais que, durante todo o ano se acometen coa maquinaria do Parque Móbil para tratar de previr incendios”, indicou Miguel Fernández.

Inauguran a escultura en tributo ás persoas que traballaron contra a covid

A Deputación de Lugo abriu ao público unha escultura que encargou para render homenaxe ás persoas e colectivos que traballaron na primeira liña durante a pandemia da Covid-19. O presidente da institución provincial, José Tomé Roca, xunto ao autor, Miguel Couto, descubriu esta peza de bronce que se atopa instalada nos xardíns do Pazo de San Marcos.

A escultura leva o nome Os que nos coidan porque está pensada para que a veciñanza da provincia lembre ao persoal sociosanitario, Forzas e Corpos de Seguridade, institucións, entidades e todas as persoas que contribuíron a protexer e coidar da poboación du-



rante a pandemia. A peza, que é transitable no seu interior, representa un abrazo de dúas persoas. O autor, Miguel Couto, é un artista coruñés de recoñecido pres-

tixio e experiencia, que conta con máis dunha vintena de obras en diferentes espazos públicos de Abegondo, Porto do Son, A Coruña, Viveiro, Ares ou O Cebreiro.

Volve licitarse a cafetería do Parque de Rosalía de Castro

Declarado deserto o anterior procedemento para licitar a xestión da cafetería do Parque de Rosalía de Castro iniciouse, automaticamente, un novo proceso, logo de adecuar os pregos ás necesidades actuais do sector. O concurso sae por un período de dous anos, prorrogable durante 8 anos máis, até os 10, mantendo o canon nos 1.500 euros ao mes (18.000 € anuais).

Neste tempo no que as instalacións estiveron pechadas o Concello aproveitou para facer algunhas melloras no inmovible como a reparación do tellado ou o acondicionamento dos baños ademais do repintado interior.

FLORISTERÍA ROSE FLOR

Felicidades Mamá!

SÁBADO 6
Abierto todo el día

DOMINGO 7
Abierto por la mañana

San Roque, 173 Bajo - Lugo
982 223 504
680 453 401
ros3-flor@hotmail.com

FLORES Y PLANTAS A DOMICILIO

¡YA PUEDES RESERVAR TUS LIBROS DE TEXTO PARA EL PRÓXIMO CURSO!
Admitimos vales de la administración

Librería Troll

Síguenos en

Praza do Rei, 16 • 27002 LUGO • T.F.: 982 250 500
info@libreriatroll.com • www.libreriatroll.com



O PP pide solucións para facer accesible un edificio no Sagrado Corazón

O Partido Popular declara que “os veciños dun edificio do Sagrado Corazón piden ao goberno local que estude todas as posibilidades para facer accesible o seu inmoble” que segundo informan é “unha reclamación que efectuaron ante o Concello de Lugo, por primeira vez en 2018”.

O populares afirma que “os veci-

ños piden que se busquen solucións ante os numerosos chanzos que teñen que salvar para acceder ao edificio, un inmoble no que a maior parte dos veciños superan os 65 anos de idade e hai moitas dificultades para os servizos sanitarios ou de emerxencia no caso de que teñan que realizar algún tipo de intervención no edificio”.



Os veciños da Milagrosa piden a reparación das beirarrúas de López Guntín

A Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais Distrito da Milagrosa piden ao Concello de Lugo que “acometa a reparación das beirarrúas, de ambos os lados, da rúa López Guntín da capital lucense”.

Dende a asociación denuncia que “o estado das beirarrúas da rúa López Guntín é, sen dúbida, lamentable; proxectando, non só unha imaxe de deixamento e insalubridade para quen reside ao longo da devandita rúa, senón tamén para quen circula a diario por ela e, para quen nos visita, ofrecendo

unha carta de presentación pouco menos que vergoñosa”. Por isto os veciños da Milagrosa solicitan que “atendendo á importancia que a imaxe da cidade representa, ademais de motivado porque os veciños e veciñas da cidade de Lugo pagan, cos seus impostos o mantemento e reparación das rúas, e merecense, por tanto, unhas infraestruturas dignas e seguras, solicitamos á Concellería de Infraestruturas Urbanas que acometa, o máis axiña posible de tempo, a mencionada reparación”.

O BNG presenta o proxecto da prolongación da segunda ronda

Rubén Arroxo presentou o plan de reorganización urbanística para abrir ao tráfico un dos tramos necesarios para darlle continuidade á segunda ronda. “unha vía contemplada no plan xeral do ano 1969 e que a día de hoxe non se desenvolveu na súa totalidade”, explicou Rubén Arroxo, que engadiu “o desenvolvemento executouse na zona do Carme, Fingoí e Fontiñas, deixando a zona norte paralizada entre o Camiño Real e a Fonte dos Ranchos”.

Arroxo afirmou que “a partir do 28 de maio desde o BNG traballaremos para rematar esta vía, unha actuación necesaria para no futuro conseguir a unidireccionalidade da Avenida da Coruña”.

Un dos obxectivos do remate da segunda ronda, segundo o candidato do BNG á Alcaldía de Lugo, sería “dirixir o tráfico de toda a zona norte que circula cara o sur da cidade a través desta vía para desconxestionar outras rúas máis céntricas e con menor capacidade para absorber tal cantidade de vehículos”. Arroxo sinalou “a necesidade de avanzar nun proxecto de cidade de futuro, non podemos ter paralizado un dos maiores vias da cidade” e amosouse “disposto a liderar un goberno para darlle un xiro de cento oitenta graos á mobilidade nesta cidade”.

O candidato do BNG á Alcaldía presentou o proxecto na intersección do Camiño Real coa rúa Mazaira e a rúa Mar Cantábrico, que completará a conexión desta vía ata a Ronda do Carme, e estivo acompañado de concelleiras e concelleiros e integrantes da candidatura do BNG.

LAMAS DE PRADO. O candidato do BNG, Rubén Arroxo anunciou que



acometerá a renovación de todas as rúas perpendiculares a Lamas de Prado. Arroxo afirmou que “neste mandato comezamos o traballo, investindo máis dun millón de euros na renovación de Lamas de Prado, Aquilino Iglesia Alvariño e a Praza de Alicante, tres intervencións que melloraron enormemente a calidade de vida das persoas, e no seguinte mandato continuaremos coa renovación integral dunha das zonas máis poboadas de Lugo”.

O candidato do BNG afirmou que nas distintas rúas se buscará “mellorar os espazos públicos”, incidindo no calmado do tráfico, no aumento da dispoñibilidade do estacionamen-

to onde sexa posible e na creación de novos espazos para as persoas. Arroxo puxo como exemplo o traballo de Lamas de Prado e Aquilino Iglesia, “dúas rúas que xa son máis seguras e que contan con novos espazos para a veciñanza do barrio”. Arroxo anunciou que no vindeiro mandato se renovarán, entre outras, a rúa Ourense, Serra Gañidoira, Quiruga, Portugal, López Guntín e Nazario Abel e afirmou que “Lugo ten que avanzar cun proxecto de cidade de futuro, unha cidade feita para as persoas” e amosouse “disposto a liderar un goberno para continuar a avanzar nunha mobilidade sostible e amable”.

Outras obras en marcha

- Continúa a renovación do asfalto na **avenida das Américas**. Úsase unha nova mestura asfáltica en quente, o que asegurará o selado do firme ante a acción da auga superficial, garantindo que a intervención sexa duradeira. Unha vez rematado o asfaltado, renovarase a sinalización horizontal.
- Adxudican as obras de renovación da traída de auga no **Grupo La Paz**. Un procedemento que se tramitou pola vía da urxencia e en paralelo á terminación do expediente de resolución do contrato á anterior adxudicataria por incumprimentos do prazo de execución. A contratación das tarefas, que deberán estar finalizadas en 6 meses, suporá un investimento municipal de 603.880 euros.
- Adxudicada a obra de mellora da **rúa Pousadella**. Unha actuación, enmarcada na Estratexia Dusi-Muramiña, que pretende seguir avanzando na unión da trama urbana co río.
- A Deputación adxudica as obras para crear 165 prazas de aparcamento no **Fogar de Santa María** por 450.000€. As prazas estarán a disposición da cidadanía de maneira gratuíta fóra do horario laboral dos traballadores provinciais. As obras teñen un prazo de execución de tres meses.
- O Concello adxudica os traballos do novo estacionamento na contorna do **HULA**. O recinto ocupará dúas parcelas que suman 11.510 m² con capacidade para máis de 300 vehículos.
- Avanzan os traballos de campo para a rexeneración urbanística da **Milagrosa e barrio Feijoo**. Para a elaboración da memoria, os técnicos están a manter os primeiros contactos cos centros escolares co obxectivo de implicar tamén á comunidade educativa na materialización do proxecto, a fin de coñecer as súas necesidades e a percepción que teñen do barrio.

“Traballamos con todo tipo de materiais e de pedras”

Manuel e José Ramón Rodríguez son propietarios de Mármoles Vilaro

Como xurdiu a idea de implantar unha empresa de mármore e granito en Sarria?

Por cambiar, por aprender algo. Eu traballaba noutra empresa e decidimos montar esta empresa nós, porque era o que sabiamos facer nese momento e ademais había demanda e sacamos moito traballo naquela época do ano 2000, xa que se estaba comezando a construír moitísimo. Comezamos facendo mesados de cociña e despois fomos cambiando e engadindo outros elementos para construír. Sobre o 2003 foi cando introducimos o traballo cos bloques enteiros, cos que elaboramos as pezas. Así, foi cambiando o mercado e nós adaptámonos a el. Por iso, comezamos a facer muros, fontes, cercados... todo tipo de elementos de pedra grossa de canteira.

Que servizos ofrecen actualmente?

Na actualidade seguimos facendo muros, fontes e agora mesmo o máis forte é o mesado en pedra artificial e natural. Como sempre pasa, hai cousas que volven poñerse de moda e o mesado é unha delas, xa que cando comezamos había moita demanda, logo baixou un pouco e agora volve estar en auxe.

Onde ofrecen estes servizos?

Traballamos en toda a comarca de Sarria, pero tamén en Lugo, onde estamos todos os días, pero tamén no resto da provincia. Por outra banda, ás veces tamén temos pedidos doutras partes de España, como Madrid, pero cousas moi puntuais.

Con que tipo de mármore traballan?

Traballamos con todo tipo de mármore e material, desde pedra natural, *calacatta*, granito, *porcelánico*, *silestone*, cuarzo... Nós facemos o que nos pida a xente e disto hai moito no mercado, polo que non temos problema en traballar cun material ou con outro.

En que espazos constrúen os dife-



rentes elementos?

Facemos construcións en casas particulares, en tendas de decoración, en restaurantes... en todo tipo de espazos, tanto comerciais como privados. O último que se fixo foi unha mesa en *calacatta* natural que se levou para a praza das Ventas de Madrid.

Cal é o prezo destes obxectos?

O prezo das pezas varía moito segundo o material, o peso, a lonxitude, os decorados... Traballamos con materiais exclusivos e caros e con xente moi caprichosa que tamén é moi esixente, polo que pode gastar moito diñeiro. Poderíase dicir que os nosos clientes son xente exclusiva, aínda que tamén temos clientes humildes que confían en nós para facer obras de menos presuposto.

Canto tempo pode levar construír unha destas pezas?

Coa maquinaria que temos, que é moi moderna e ten controlados todos os procesos, unha peza como un mesado grande podería elaborar nun día. Temos todo automatizado, polo que nós imos á obra a medir e metemos os datos, as medidas e todo o necesario para a súa construción, e a máquina faíno nun día. Logo nós facemos a man todos os remates naturais e tallamos se fai falla nun decorado especial.

Tamén deseñan as pezas?

Depende. Hai persoas que contratan a un deseñador para que constrúa visualmente como queren que que-

de a peza que nos encargan e nós seguimos o que nos di ou a persoa vén directamente a xunto nosa, coméntanos a idea que ten e nós deseñámolo seguindo as súas directrices. Entre os seis traballadores que somos; cortadores, pulidores, rematadores e colocadores facémolo todo nós e adaptámonos ao que queira gastar o cliente.

Poden contarnos algunha construción dalgunha peza nalgún sitio recoñecido?

Temos feito moitas pezas para prazas públicas de concellos, como de Sarria, o de Láncara, o de Barco de Valdeorras... Neste último, en concreto, fixemos unhas letras enormes que poñen “O Barco” que se colocaron nunha glorieta.

Teñen en mente algún proxecto especial para o futuro?

Non, imos seguir co tema do mesado porque é o que mais demanda a xente e ademais porque xa temos todos os materiais para facer calquera tipo de mesado e de calquera color. Centrámonos no noso traballo na provincia, que é onde temos os nosos clientes, aos que lles queremos dar un bo servizo e un bo trato, xa que iso é o máis importante nunha empresa. Ao final, cando un cliente está reformando a súa cociña pode quedar sen ela durante un mes, polo que tes que tratar de facer o mesado e os demais elementos que che requiran no menor tempo posible para que a xente estea a gusto.

Aumentan as entidades nas que poder facer o pago dos tributos

Un novo convenio do Concello co banco Santander amplía o número de entidades financeiras a través das que as e os contribuíntes poden realizar o pago de tributos e outras obrigas coa Administración local.

A tenente de alcaldesa e responsable da área de Gobernanza, Paula Alvarellos, explicou que a iniciativa obedece á vonta de “simplificar e facilitar á cidadanía o cumprimento das súas obrigas incrementando os procedementos habilitados e os medios de pago dos recibos, un obxectivo no que tamén se pretende fomentar o uso da domiciliación dos mesmos, así como o seu abono telemático entre outras canles”.

Se ben até o de agora era posible realizar o pagamento en Abanca, BBVA, Caixabank, Banco Sabadell-Gallego e Caixa Rural Galega a entrada dun novo operador “permítenos dar resposta a unha demanda que nos trasladaba veciñanza, tendo en conta o mercado que atende dita entidade e aumentar as posibilidades que se ofrecen á cidadanía para que esta poida resolver con axilidade as relacións que mantén coa Institución municipal”, engadiu a concelleira.

O acordo de colaboración, que comezará a ter efecto estes días, ten un marco temporal de 24 meses, prorrogables por outros dous anos máis.

Destinarán este ano 2,1 millóns a subvencións

Este ano, o Concello destinará un total de 2.165.961 euros á dinamizar a cidade a través do Plan Estratéxico de Subvencións.

Un documento que, segundo a alcaldesa, Lara Méndez, representa a razón de ser do conxunto da actividade subvencional do Concello e que, fundamentalmente, persegue servir de guía para mellorar e racionalizar a tramitación das achegas con criterios de transversalidade, eficacia e eficiencia. Así, máis do 28% –case un terzo– da partida prevista se corresponde co apoio que dende a área de Benestar Social se prestará ao movemento asociativo e aos colectivos máis desfavorecidos.

O Plan, validado en Xunta de Go-

verno, ten como vocación ser unha ferramenta indispensable para fomentar, promover e potenciar a participación da sociedade civil nos distintos ámbitos de xestión que son de interese xeral. “E que, dende que entrou en vigor está a servir tamén para darlle maior axilidade á xestión e pago das axudas”, engadiu a rexedora.

Ao seu abeiro se inclúen as subvencións dirixidas a fomentar a práctica do deporte base (321.000 €) e a contribuír á defensa do benestar animal que, como nos últimos anos, alcanzan os 215.000 € e se canalizan a través dos convenios que o Concello mantén coa Protectora de Animais e a Asociación Michos Lugo.

Tres empresas interesadas en Lugo

Ao terceiro Comité de Investimentos do Lugo Transforma concorreron tres novos proxectos innovadores que optan ao apoio económico do fondo municipal para incrementar a súa proxección e que, de estimarse, suporían, conxuntamente, un investimento de 1.100.000 euros e a creación de numerosos postos de traballo.

Dos tres, un ten xa o seu domici-

lio social en Lugo e os outros dous son de A Coruña e Barcelona, coa previsión de ter que asentarse na localidade para poder entrar no fondo inversor. Todos cumpren os requisitos necesarios e comparten un mercado compoñente tecnolóxico.

En canto ao sectores aos que pertencen, unha das empresas aposta por achegar unha solución que

mellora a experiencia das e dos viaxeiros que interactúan con información turística online; outra céntrase na dixitalización dos puntos de venda da industria alimentaria para controlar a calidade na elaboración dos seus produtos e, a terceira é unha plataforma all-in-one que permite contratar e xestionar equipos informáticos do persoal de Pemes e micropemes.



EN BOAS MANS
CENTRO DE FISIOTERAPIA

SE ATIENDEN ACCIDENTADOS DE TRÁFICO

FISIOTERAPIA
Deportiva
Neurolóxica
Traumatolóxica
Drenaxe Linfático
E.P.I. / EPTE

TRATAMIENTOS
Accidentes de tráfico
Lesiones Deportivas
Neurológico
Traumatolóxico
Ondas de Choque
Radiofrecuencia
Game Ready
Sistema SIS

Miguel de Cervantes, 38 bajo - 27003 Lugo. 962 809 038 / 678 855 342

www.boasmans.com
info@boasmans.com

DEPUTACIÓN

As proxeccións do ciclo Mestre Mateo terán lugar este ano en oito localidades

O Ciclo Mestre Mateo volve á provincia de Lugo e levará as proxeccións das longametraxes de ficción, animación e documentais finalistas dos premios do noso audiovisual aos concellos de Chantada, Vilalba, Foz, A Pobra do Brollón, Sarria, Fonsagrada, Becerreá e Meira, cun aumento de salas con respecto ao ano pasado. A colaboración entre a Academia Galega do Audiovisual e a Vicepresidencia da Deputación de Lugo suma a Chantada, Vilalba, Foz, A Pobra do Brollón, Sarria, que xa acolleron con éxito o ciclo na súa primeira edición, proxeccións na Fonsagrada, Becerreá e Meira, que pasan a formar parte da rede de salas.

Os concellos participantes exhibirán entre maio e novembro unha programación que inclúe *María Casares, a muller que viviu mil vidas*, *Unicorn Wars* e *O corpo aberto*, recoñecidas respectivamente como Mellor documental, Mellor longametraxe de animación e Mellor longametraxe na última edición dos Mestre Mateo.

O resto de títulos do programa son o documental *A foreign song* (César Souto, 2022) gañadora dos premios á Mellor longametraxe española e Mellor dirección española no pasado Festival Internacional de Cine de Xixón; o thriller *Código Emperador* (Jorge Coira, 2022); o documental *No somos nada* (Javier Corcuera, 2022); o filme de animación *Valentina* (Chelo Loureiro, 2022), gañadora do Goya á mellor longametraxe de animación na XXXVI edición dos premios da Academia Española e o documental *Onde máis doe* (Manane Rodríguez, 2022).

Regresan en maio as rutas polo románico

A Deputación de Lugo lanza a terceira edición do programa de actividades gratuítas con motivo do Día da Transrománica, que se celebra o 9 de maio. Son 16 rutas guiadas gratuítas polo patrimonio románico da provincia que se desenvolverán ao longo de cinco xornadas do mes de maio.

As visitas faranse os días 6, 7, 9, 13 e 14 de maio e estarán dirixidas por un guía oficial de turismo. Cada itinerario conta cun máximo de 25 prazas, polo que no conxunto do programa ofértanse un total de 400 prazas.

As inscricións poderán facerse na web <http://inscricions.deputacionlugo.org> dende este mesmo venres, 28 de abril, ata completar o aforo. Para máis información, as persoas interesadas poden chamar aos teléfonos 982.260.011 e 982.260.234, ou dirixirse ao correo electrónico románico@deputacionlugo.org

A Deputación de Lugo ingresou no 2020 na Ruta da Transrománica, recoñecida oficialmente co selo de Itinerario Cultural do Consello de Europa, o que situou ao románico lucense no nivel máis alto de recoñecemento europeo.

A Ruta Transrománica na que ingresou a Deputación de Lugo está recoñecida oficialmente co selo de Itinerario Cultural do Consello de Europa e trátase dunha das principais rutas culturais paneuropeas. Está integrada por rexións de 9 países da Unión Europea -Austria, Alemaña, Francia, Italia, Romanía, Portugal, Serbia, Eslovaquia e España- e aglutina un conxunto de mo-



numentos románicos, moitos deles declarados Patrimonio da Humanidade pola Unesco.

A provincia de Lugo é o terceiro lugar de toda España que forma parte desta entidade, despois de Castela e León, co mosteiro de Santo Domingo de Silos, e a cidade de Zamora, e conta na súa ruta con 10 igrexas de arte románico situadas noutros tantos concellos da Ribeira Sacra: o mosteiro do Divino Salvador, en Ferreira de Pantón; a igrexa de San Xoán da Cova, en Carballedo; a igrexa de Santa María de Nogueira de Miño, en Chantada; a igrexa de San Pedro de Ribas Altas, en Monforte de Lemos; a igrexa de San Facundo de Ribas de Miño, en Paradela; a igrexa de San Nicolás ou San Xoán, en Portomarín; a igrexa de Santa María de Torbeo, en Ribas de Sil; a igrexa de Santo Estevo de Ribas de Miño, no Saviñao; a igrexa de Santa María de Proendos, en Sober; e a igrexa de Santa María de Taboada dos Freires, en Taboada.

Compromiso co rural para frear a caída demográfica



O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, xunto a alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, e o xornalista Manuel Campo Vidal, inaugurou a xornada *Reto Demográfico na provincia de Lugo*, organizada pola institución provincial para expoñer accións e debater propostas entre as administracións públicas e o sector privado, co obxectivo de buscar sinerxías e aportar solucións na loita contra o despoboamento. O congreso, que contou coa presenza de numerosos alcaldes e alcaldesas, reuniu a numeroso público.

José Tomé recalcou que se promoveu esta xornada, "proactiva, propositiva, na que se presentan accións concretas para fixar e recuperar poboación no rural".

A Deputación deu a coñecer as súas novas accións neste ámbito, "que empregan as novas tecnoloxías e que apostan por xerar sinerxías entre realidades aparentemente tan diversas como o medio ambiente, o turismo, o patrimonio cultural, a actividade empresarial ou o emprendemento", explicou José Tomé.

O presidente sinalou que o rural "precisa que as administracións garantan o acceso en plena igualdade

aos servizos públicos básicos de educación, sanidade, conciliación e atención á terceira idade. Sen servizos públicos, sen comunicacións, o rural non pode ter futuro". Argumentou Tomé Roca que o rural precisa un traballo conxunto das administracións, pois "as dimensións dos nosos concellos rurais impídenlles optimizar por si mesmos os recursos".

Así mesmo, o presidente considera imprescindible "convencer ás autoridades europeas da necesidade de habilitar mecanismos que incrementen o traslado de fondos comunitarios ás administracións locais. Fondos que poden xestionar con eficacia as Deputacións provinciais, como administración que favorece a cohesión social e o equilibrio territorial a través da cooperación cos concellos".

A Deputación presentou E para Vivir Lugo, un proxecto innovador financiado con fondos europeos que busca de solucións innovadoras que aproveiten os recursos endóxeos das zonas rurais para convertelos en oportunidades, e deste xeito contribuír a fixar e recuperar poboación, con especial atención nos de menos de 5.000 habitantes.

Organizan un ciclo de música clásica para reivindicar o xénero

Monterroso acolleu o primeiro concerto do ciclo Música e Memes, un programa organizado para o estudiantado de Secundaria que percorrerá ata o 16 de maio seis concellos da provincia para dar a coñecer e achegar a música clásica aos mozos e mozas. Xunto a Monterroso, esta actividade celebrárase en Viveiro, Burela, A Fonsagrada, Becerreá e Vilalba.

Para a reivindicación deste xénero, esta iniciativa parte dunha rigorosa investigación semiótica que deriva na explicación do sentido musical a través de memes, unha linguaxe moi empregada polo público obxectivo

deste traballo. A través dunha plataforma en tempo real e do teléfono móbil do público, participan e toman decisións sobre o que sucede no escenario.

Trátase dun proxecto que xira arredor do Trío K. 498 Kegelstatt para clarinete, viola e piano, de W.A. Mozart, e permite expresar dinámicas e intereses actuais a través da música de finais do século XVII. Foi a compositora ferrolá, Sofía Oriana Infante, a que escribiu unha peza pensada para este proxecto. A última parte do espectáculo é Un memento, morí, onde se mestura a cultura actual cos prexuízos sobre a música clásica.

O Pleno reclamará á Xunta que garanta as prazas en residencias

A institución provincial aprobou no último pleno reclamar á Xunta que asuma as súas competencias e garanta prazas públicas en residencias para os maiores da provincia de Lugo grazas aos votos do PSdeG e do BNG. A voceira socialista do Goberno sinalou que na actualidade a institución provincial conta con 260 prazas en 9 centros, e outros 9 en marcha. Galicia ten un déficit de 14.000 prazas en residencias de acordo cos parámetros establecidos pola OMS, que recomenda contar cun número de prazas equivalente ao 5% da

poboación de máis de 65 anos. Así mesmo, a Xunta dedica a Servizos Sociais un 8,5% do seu orzamento, 1.077 millóns de euros "un investimento que está moi por debaixo do da institución provincial que achega o 33%, 30M€", dixo García Porto.

No Pleno acordouse así mesmo a actualización do Inventario de Bens e Dereitos da Deputación de Lugo. Neste caso, e unha vez extinguida a Sociedade Urbanística Provincial de Lugo S.A. (Suplusa), e non existindo entidades con personalidade xurídica propia, incorpórase a este docu-

mento o patrimonio de titularidade de Suplusa, así como os bens adquiridos durante o mandato.

O BNG tamén propiciou o acordo da corporación provincial para reclamar ao goberno do Estado a reparación integral do firme da estrada N-540, entre Lugo e Ourense. A proposta, aprobada por unanimidade, insta ao goberno central a actuar de forma urxente para darlle unha solución definitiva ao firme desta estrada, que deteriora os vehículos e prexudica á veciñanza e ao tecido económico das zonas polas que pasa.

AO NOSO CARÓN

Os comicios na contorna de Lugo

En 6 dos 9 concellos goberna o Partido Popular, en 2 os socialistas e en Rábade os Independentes. Nesta convocatoria preséntase os tres partidos en todos agás o BNG en Portomarín. Vox presentou dúas listas, os independentes tres e Contamos unha

castro de rei

Tres partidos contra a maioría que trouxo Balado para o PP

Catro listas presentáronse este ano ás eleccións municipais en Castro de Rei. Ás tres forzas políticas habituais, súmase unha lista de VOX, que logrou facer unha lista cos trece concelleiros que se escollen como un concello con máis de 3.000 veciños. Desde 2007 neste concello non se obtivo representación de ningún outro partido que non foran os tres. Ademais, desde que Francisco Balado se presentou aos comicios no 2011 leva encadeando vitorias cunha importante vantaxe sobre o resto. A porcentaxe de 8 concelleiros do PP, 4 do PSOE e 1 do BNG leva manténdose desde ese mesmo ano. Nesta ocasión, o que é o alcalde desde hai doce anos volve encabezar as filas populares cunha lista completa de 13 concelleiros elixibles e tres suplementes e con figuras coñecidas do seu partido. Balado defendeu o seu equipo como "unha lista de xente traballadora, de xente de a pé, que cre nos principios que inspiran ao Partido Popular e no

seu proxecto político, en todos os ámbitos e sinaladamente no local". Os dous partidos da oposición cambian este ano de líder. No PSOE está Alba Sinde Paz, de 21 anos de idade e estudante de último curso de Ciencias Políticas. A candidata socialista afronta esta oportunidade con moita ilusión e moitas ganas, sobre todo de conseguir un cambio, de axudar a levantar Castro de Rei. O meu obxectivo principal é poñelo no mapa e loitar pola xente nova e que poida estar orgullosa do noso concello". Pola súa parte, o O BNG elixiu a Olga García Portela para encabezar o proxecto do BNG, substituíndo así a Digna Lagarón, que seguirá segunda. "O BNG defenderá servizos públicos, como fixemos coa sanidade pública do concello, e desenvolveremos todas potencialidades de Castro de Rei nun proxecto que ilusione, con coherencia, rigor e capacidade", dixo a candidata. Por Vox, preséntase Álvaro Filgueiras Basanta, que se estrea no Concello.

CANDIDATOS ELECCIÓNS 2023

BNG	PSOE	PP
1. Olga García Portela	1. Alba Sinde Paz	1. Francisco Javier Balado Teijeiro
2. Digna María Lagarón Doval	2. José Luis Castro Tellado	2. Roberto Lorenzo Fernández
3. Adrián Rodríguez Rancaño	3. María Josefa Folgueira Lage	3. Víctor Carrera Puente
4. María Xosé Fernández Covos	4. Carlos Sinde Basanta	4. Laura Campo Fernández
5. David Vivero Novo	5. Ana María Canto Rodríguez	5. María Josefa López López
6. Iria Corredoira García	6. Sergio Peteira Iglesias	6. José Rielo Losada
7. Manuel Anllo Canto	7. Trinidad Castro Docando	7. José Luis García Barja
8. Natalia Alonso Freire	8. Juan José Díaz Valiño	8. Marisol Gigán Díaz
9. José Luís Fernández García	9. Lucía Tojeiro Lamas	9. María Edita Sinde Basanta
10. Ana Belén Veiga Teijeiro	10. José María Campo Castro	10. Juan José Pita Iravedra
11. Alfonso Legaspi Veiga	11. Marisa Rodríguez Gigán	11. Mónica Begoña Gonzalez Cabana
12. María Loli Linares Fernández	12. Mario Saavedra Pérez	12. José Ramón Vega Barja
13. Germán Naval Lage	13. Iria Campo Piñeiro	13. Paula Sánchez Seoane
Suplentes	Suplentes	Suplentes
1. María Angelines Freire Castro	1. José Carballeira Valiña	1. Josefa Mouriz Teijeiro
2. Carlos A. Rodríguez Rodríguez	2. Marta Lorenzo Veiga	2. Ana Isabel Morandeira López
3. Serafín Carballo Carballeira	3. Luis Veiga Veiga	3. Pablo Prieto González



VOX

1. Álvaro Filgueiras Basanta
2. Iván Prado Pernas
3. María Isabel Costoya Cinza
4. María Isabel Vázquez del Río
5. Diego Fernández López
6. Raúl Montero Aguilar
7. María José Álvarez Balado
8. Rebeca González Ruiz
9. Carlos Martínez Tejedor
10. Jose María Delgado Casielles
11. Isabel González Pedrero
12. M^a Concepción García Méndez
13. Susana López Taboada

MONTAJE DE MUEBLES

Lito

MUDANZAS

Decoración • Reformas • Pintura
Montaje de muebles

602 417 542

SE VENDE MOLINO - VIVIENDA
(En Sarria)

470.000 €

IDEAL PARA VIVIENDA O NEGOCIO

- Molino centenario en un entorno privilegiado
- A 10 minutos andando del centro urbano
- Espacio natural protegido
- 420 m² + 6.000 m² fincas

¿BUSCA MONTAR UN NEGOCIO...? HABLEMOS

Tlf: 604 020 280

CANDIDATOS ELECCIÓN 2023

BNG

1. José Sangiao Saá
2. Alejo Beceiro Méndez
3. María Mar Varela Rodríguez
4. María Carmen Piñeiro Quintana
5. Mónica Pernas Río
6. Manuel Fraga Vidal
7. Manuel Rivas Varela
8. Rosa María Martínez García
9. Iván Sangiao Darriba

PSOE

1. Alejandro Martínez Campos
2. Sandra Núñez Pin
3. Antonio Gerardo Regueiro Roca
4. Sofía Fernández Piñeiro
5. Iván Lombao Gómez
6. María Teresa Vázquez Rey
7. Daniel Lago Barreiro
8. María José Ortiz Gómez
9. Miguel Ángel Vilar Rivas

PP

1. M^a Remedios Gonzalez Cabarcos
2. María Pilar Dapena Gonzalez
3. José Luis Novo Teijeiro
4. María Sandra Novo Penas
5. Carlos Ramón González Cabarcos
6. Juan Baroja Ortiz
7. Víctor José Novas Pereira
8. María José Parga Regueiro
9. Juan Carlos Blanco Martínez

Suplentes

1. José Manuel Candal Veiga
2. José Ángel Vila Blanco

VOX

1. Miguel Manuel Pardiñas Pérez
2. Alberto Arroyo Sánchez
3. Adrián Santana Galván
4. Rubén Rodríguez Río
5. Julio Eugenio Serrano Cereijo
6. David Martínez Aldea
7. Marcos Vicente García Varela
8. Francisco Daniel Ameijide Díaz
9. José Manuel Orrego Álvarez

INDEPENDENTES

1. Francisco Xosé Fernández Montes
2. Ángel Manuel Lage García
3. María José De Arriba Redondo
4. Manuel Gómez López
5. María Paloma Carreira Uceda
6. María Isabel Vilar Rodríguez
7. Sara Legazpi Fernández
8. José Luis Lorenzo Obarrio
9. Jorge Antonio Barros Castro

Suplentes

1. María Ángeles López Reboredo
2. Carlos Fernández Iglesias



Vox e BNG súmanse á unha disputa na que o PSOE foi a chave

Tres lexislaturas levan inamovibles en Rábade cos resultados electorais. Aínda que o número de votos total oscilou o número de representantes que lles corresponden permanece estable desde 2011. O pastel repárteno entre PP e Independentes a partes iguais, con 4 concelleiros, mentres que o PSOE é a chave de goberno co seu único representante, Alejandro Martínez Campos.

Así, o Goberno local leva funcionando en coalición entre os Independentes e PSOE. Francisco Xosé Fernández Montes leva ocupando o asento de Alcaldía desde o 2007 e preséntase novamente á reelección, o mesmo que fan os seus compañeiros no resto de partidos. O actual rexedor busca os votos que necesita para obter un concelleiro máis, que lle permitiría gobernar en solitario.

Alejandro Martínez Campos, que ocupa a Concellería de Deportes volve liderar o PSOE e, na outra parte, a popular Remedios González Cabarcos dirixe os destinos populares tras presentar unha nova lista.

Os Independentes repiten os mesmos concelleiros que na anterior

lexislatura, cun cambio no quinto posto pero tamén moi similar no resto. No PSOE, mentres o líder segue definido, no resto de postos hai cambios. Así, Sandra Núñez Pin pasa a ser a segunda e desaparece da listaxe Álex Aido Lobato.

Remedios González segue liderando, seguida de María del Pilar Dapena, pero cambia o resto da listaxe.

O seu obxectivo é o mesmo que os Independentes, romper esa pequena barreira de votos para sumar o concelleiro que lle outorgaría a maioría. Nos últimos comicios foi o partido máis votado co 43,02% fronte ao 36,78% da lista independente.

Este ano dúas listas máis preséntanse para coller un dos 9 concelleiros que se reparten en Rábade, un concello que conta con 1.500 habitantes. Unha é a do BNG, que nas últimas 4 lexislaturas non conseguiu representación. Nesta ocasión, José Sangiao substitúe a Iván Sangiao á fronte do partido, que pecha a lista.

O candidato do BNG á alcaldía de Rábade salientou “coas ideas claras, con capacidade e con entusiasmo, potenciaremos os espazos públicos, mello-



rando o espazo urbano cun modelo máis acaído para as persoas; o modelo BNG de política municipal é mellorar a calidade de vida da veciñanza”. Completa a oferta Vox, a cargo de Miguel Manuel Pardiñas Pérez, nunha das oito candidaturas que se formaron na provincia. Este Garda Civil é fillo de labradores e sempre estivo vinculado ao mundo agrícola.

portomarín

Un grupo de independentes quere rachar co bipartidismo local

O concello de Portomarín conta dende as eleccións de 2015 con só dous partidos con representación tras quedar fóra o BNG que no 2011 contaba cun concelleiro e no 2017 con dous.

PP e PSOE conseguiron os mesmos concelleiros nos dous últimos comicios celebrados, no 2015 e no 2019, cunha maioría absoluta para os populares pola mínima con cinco concelleiros fronte aos catro obtidos polos socialistas.

Juan Serrano foi alcalde da localidade de Portomarín dende 2011 con tres maiorías absolutas e dimitiu do seu cargo en outubro de 2021, alegando que os seus obxectivos estaban cumpridos e cedendo o relevo a Pablo Rivas, que ata o momento ostentaba o cargo de tenente alcalde. Así os populares volven confiar en Rivas, para encabezar as listas para as vindeiras eleccións do 28



de maio co obxectivo de revalidar a maioría absoluta. Pola súa parte os socialistas buscan ampliar a súa representación e renovan candidato. Será Marcos Arias, actual concelleiro, o encargado de liderar a lista do PSOE que se

mostra “moi satisfeito e agradecido a toda a militancia por confiar en min para encabezar este proxecto” e ten como obxectivos principais “fixar poboación, crear emprego e promover o noso patrimonio” entre outros.

Ademais, Portomarín contará cunha lista independente, Terras de Portomarín, que forma parte da plataforma Interior Galego Vivo e na que Roberto Rodríguez será o encargado de encabezar a lista.

Rodríguez acude por primeira vez como cabeza de lista nunhas eleccións en Portomarín aínda que xa foi concelleiro polo Partido Popular cando Juan Serrano era o alcalde. O Bloque Nacionalista Galego, que leva sen representación no concello de Portomarín dende as eleccións do 2015 e que nas pasadas tan só recibiu 26 votos non presenta lista para estas eleccións.

CANDIDATOS ELECCIÓN 2023

PP

1. Pablo Rivas Folgueira
2. Javier Rodríguez Vázquez
3. José Manuel López González
4. Ana Isabel Rivera Fente
5. Víctor Manuel Vidal Martínez
6. Silvia Rodríguez Conde
7. Manuel Enríquez Villamor
8. Manuel Vega Pin
9. Laura Rodríguez Vázquez

Suplentes

1. Juan Carlos Serrano López
2. Elías Vázquez Vázquez
3. Carmen Pérez Fontao

PSOE

1. Marcos Arias Rodríguez
2. Tania Rodríguez Rodríguez
3. Sergio Vázquez González
4. Óscar Martínez García
5. Ibán Vázquez Ramos
6. Aroa González Rodríguez
7. Hugo Gómez Díaz
8. Rebeca Rodríguez Travería
9. Antonio Luaces Quiroga

Suplentes

1. Silvia Rodríguez Díaz
2. Montserrat Díaz Rodríguez
3. José Manuel Rodríguez Pol

CIF

1. Roberto Rodríguez Pérez
2. Alejandro Varela López
3. Ismael Quintián López
4. María Concepción Ruíz Jarrillo
5. Eladio Fernández Rigueira
6. Paula Coto Vázquez
7. Mario Fernando Restrepo Aguirre
8. Manuel Rodríguez Mariño
9. Lucía Vila Dreira



Os nacionalistas queren volver á Corporación, de maioría popular

Guntín elixirá o vindeiro 28 aos seus representantes para os vindeiros catro anos de entre tres listas electorais. Durante este mandato o Partido Popular contou cunha maioría absoluta que ven acadando neste municipio dende as eleccións de 1991 e que nas últimas eleccións conseguiu obtendo 9 do total de once concelleiros. No 2019 os populares, con María José Gómez como cabeza de lista,

melloraron os seus resultados con respecto aos comicios celebrados no 2015 nos que obtiveron 7 concelleiros fronte aos 4 do Partido Socialista. O Partido Popular volve depositar a súa confianza para estas eleccións de 2023 na actual alcaldesa, quen foi o relevo de Jesús Carreira que se mantivo durante 28 anos como alcalde de Guntín de xeito ininterrompido. A lista dos populares contará cun equipo no que ten un peso especial o sector gandeiro con nove membros da lista titulares de explotacións gandeiras. A candidata popular comprométese a “seguir gobernando na liña na que temos traballado estes catro anos pero, se cabe, con máis experiencia”. Pola súa parte o Partido Socialista obtivo os seus mellores resultados nas eleccións celebradas no 2007 onde conseguiu un total de cinco concelleiros, dende entón foi em-

peorando resultados ata chegar as pasadas eleccións onde conseguiu un total de dous. A agrupación socialista repite candidato para estas eleccións e será José Antonio López Varela co obxectivo de tentar mellorar os resultados acadados na última cita cas urnas. Pola súa banda, o BNG, que leva sen representación dende o 2007, presenta a Xosé Mosqueira, xubilado do metal, como candidato na procura de recuperar a representación no concello. Para Xosé “Guntín merece unha proposta con confianza nas potencialidades propias e que faga desenvolver este concello, precisamos máis impulso e dinamismo” e agradeceu “a confianza que depositaron en min as compañeiras e compañeiros do BNG para poder encabezar este proxecto, o que estou seguro será a ilusión de moita veciñanza para mellorar Guntín”.



CANDIDATOS ELECCIÓNS 2023

BNG

1. Xosé Mosqueira Álvarez
2. María Rodríguez Seijas
3. José Luís Fernández Conde
4. Carme Lucas Domínguez
5. Manuel Pajón Barrio
6. Lucía Gómez Quintas
7. Uxío Souto Castro
8. Pascuala M^a Dorado Fernández
9. María José Rodríguez Rodríguez
10. María Sabela Vilela Carreira
11. Alfredo Liz Bustos

PSOE

1. José Antonio López Varela
 2. Jorge Núñez López
 3. José Luís Rodríguez Bodenlle
 4. Alejandro Ozores Vígide
 5. Damián Quiroga Prado
 6. Jesús Arias Ceide
 7. Daniel Serafín Novo Rodríguez
 8. Manuel López Sangil
 9. María Paz Díaz Iglesias
 10. Eugenio López Vázquez
 11. Javier Caldas Díaz
- Suplentes**
1. Florencio Fernández Veiga

PP

1. María José Gómez Rodríguez
 2. Verónica Vilela Coto
 3. Vidal López Rodríguez
 4. Olga López García
 5. José Vázquez Barreiro
 6. María Teresa Estévez López
 7. José Luis López Fernández
 8. Juan Carlos López López
 9. Ángel Pérez Rodríguez
 10. José Alberto López Quiroga
 11. María Lamazares Álvarez
- Suplentes**
1. José Manuel Rodríguez García
 2. María Begoña Pérez López
 3. Alejandro González Barrio
 4. Antonio Rodríguez Gandoy
 5. José Manuel Blanco Santos



outeiro de rei

Pardo sostén unha maioría absoluta con 25 anos de historia

José Pardo Lombao, un dos alcaldes máis lonxevos da provincia, enfrón-tase un ano máis a defender o seu bastión popular, nesta ocasión ante tres partidos máis. Este gandeiro incorporouse á actividade política en 1983 como concelleiro polo PPdeG e en 1998 foi elixido alcalde en substitución de Antonio Varela Rodríguez. Nas eleccións municipais de 1999 encabezou a candidatura do PPdeG e foi elixido alcalde con maioría absoluta. Continuou como alcalde nas sucesivas convocatorias electorais, sempre con maioría absoluta, unha maioría que foi crescendo sempre. Na oposición están situado con máis relevancia electoral o BNG. Xosé Ferreiro volverá a encabezar por terceira vez a candidatura do BNG en Outeiro, esperando que o BNG continúe na liña ascendente das dúas convocatorias anteriores, acadando así a maioría suficiente para que en Outeiro de Rei se produza o cambio. As principais liñas de traballo que se marcan comezarían “por ter unha xestión municipal transparente, garantindo que cal-

quera persoa ou empresa teña as mesmas oportunidades de traballar no concello”. Este partido obtivo un crecemento importante en intención de votos nas últimas eleccións, na que se escollían por segunda vez 13 concelleiros xa que no 2015 rexistrou un aumento de poboación importante cambiando o rexistro. Este ano o padrón rexistra novamente unha cifra superior aos 5.000 habitantes. Os independentes xa se presentaron na anterior lexislatura e estaban liderados tamén por José Manuel López Castro cunha lista non moi diferente á que levaron no 2015. Nesta ocasión non se presentarán dous partidos que estiveron presentes nos anteriores comicios, Ciudadanos e FLI, este partido formouse por unha división interna entre os Independentes. Ningún dos dous logrou sumar concelleiros. Tamén repite a candidata socialista, María del Carmen Acacio, cunha renovada lista coa que pretende buscar máis representación e loitar conxuntamente contra o liderado do alcalde actual.

CANDIDATOS ELECCIÓNS 2023

INDEPENDENTES

1. José Manuel López Castro
2. Álvaro García Folgueira
3. Félix Fernández Gallego
4. María Rosa Folgueira Porto
5. María Luisa Pájaro Vázquez
6. José Manuel Expósito Núñez
7. Mónica Viña Veiga
8. Gloria Elena Rendón Ramírez
9. Alberto Gallego Núñez
10. Marta Viña Veiga
11. Manuel Freire Freire
12. María López Roibas
13. Ana María Guizán Pernas

PSOE

1. María del Carmen Acacio López
 2. Carlos Méndez Castro
 3. Efraím Díaz Vázquez
 4. David Iglesias Díaz
 5. María Luisa Meilán Lombao
 6. José Manuel Carral Méndez
 7. José Luis Iglesias Fontela
 8. Manuel Varela Granda
 9. Isabel Méndez Rodríguez
 10. María Dolores Vieiro Núñez
 11. Miguel Ángel López Varela
 12. María del Carmen López Rivas
 13. María Sagrario Couto Diz
- Suplentes**
1. Luis Martínez Roibás
 2. Lorena Ceide Santos

BNG

1. Xosé Ferreiro Fernández
 2. Elvira Lombao Vila
 3. Miguel Vieito Villar
 4. Noelia Pardeiro Fompedriña
 5. Luís Fernando Regueiro Otero
 6. Rita Castedo Meilán
 7. Daniel Prado Rielo
 8. María De Román Fuenteseca
 9. José Luís Vigo Carballeira
 10. Eva Sarceda Rubinos
 11. Javier Fernández Méndez
 12. Xosé Ramón Rodríguez Iglesias
 13. Lara Pita Buezas
- Suplentes**
1. Ramón Xoán Parga Vázquez
 2. M^a Montserrat Tubío Fernández
 3. Orlando Vivero Veiga
 4. Ángel Cobas Folgueira
 5. Estefanía Méndez López
 6. Davinia Rubinos Regueiro
 7. Xoán Manuel Tubío Fernández
 8. Dulce María Neira Fraga
 9. Arcadio Lombao Román
 10. Francisco X. Molinos Campos



PP

1. José Pardo Lombao
 2. María Begoña Seco Varela
 3. José Yebra Amorín
 4. Pilar Méndez Lombao
 5. Jesús Fernández García
 6. María José Martínez Vigo
 7. Fermín López González
 8. Tania Díaz Seijas
 9. Luis Alfonso Trigo Fernández
 10. María Paz Pernas Hombreiro
 11. Diego González Rifón
 12. María Luisa Núñez Ceide
 13. Pablo Espiño Bellón
- Suplentes**
1. Ana Barreiro Pernas
 2. Alfonso Vilanova Roibás
 3. María Dulcina Viña Viña
 4. Pablo Illán Montouto
 5. María Herminia Díaz Díaz
 6. Antonio López Pérez
 7. María Dombina Gadín Abelleira
 8. Manuel Fraga Martínez
 9. Verónica Fernández Núñez
 10. Alfonso Rivas Fernández



José Ángel Santos defenderá o bastión máis forte dos populares

Con dez concelleiros dos 11 posibles, Jose Ángel Santos goberna o concello de Friol practicamente en solitario despois de que nas anteriores eleccións conseguise aumentar dous concelleiros máis ás costas do PSOE. O BNG non ten representación desde 2011.

O PP goberna desde 1991, tras 6 legislaturas de Antonio Muíña e dúas do actual rexedor, que aspira a revalidar os resultados obtidos no 2019.

O actual alcalde de Friol, José Ángel Santos, nacido en Friol no ano

1980 e veciño da parroquia de Nodar, é técnico capataz agrícola, gandeiro de profesión e titular dunha explotación de produción de leite.

Santos volve encabezar a lista popular pensada para xestionar e gobernar Friol segundo comenta “unha xestión pública moderna e adaptada aos novos tempos, unha maneira de facer política por e para os veciños”. composta por 21 veciños e veciñas de diferentes idades e profesións, e que representan a maioría do territorio municipal.

Pero non estará só ante as urnas, xa que o PSOE presentou unha nova lista, que se fixo pública un día antes do peche da inscrición e que lidera Ana María Pardo Lorenzo. Trátase dunha listaxe completamente nova na que non está tampouco o concelleiro que ocupou o escano socialista Yon Penas.

O BNG volverá presentar lista este ano. Ada Blanco toma o lugar de María do Mar Pérez Fra no número



1. Unha muller de 19 anos, natural da parroquia de Condes e traballadora da explotación familiar de leite en ecolóxico. É, sen dúbida, unha das candidatas máis novas do panorama político. “Desde o rural temos un milleiro de oportunidades de xerar futuro e que a xente moza”, explica a candidata.



CANDIDATOS ELECCIÓN 2023

PP

1. Jose Ángel Santos Sánchez
2. María Ángeles Buján Burgo
3. Enrique Barreiro Sáanchez
4. Jesus Julio Cortiña López
5. Nuria Vazquez Argerey
6. Felipe Barata Villapol
7. Juan Carlos Casal Pena
8. María Ángeles Pilar López López
9. Juan Ramón Varela López
10. Nerea Campo Fariñas
11. Cristina Viador Lameiro

Suplentes

1. Rebeca Corral Rodríguez
2. Cristina Prieto Iglesias
3. David Longarela Rodríguez
4. Felipe López Cabado
5. Rocio García Regueiro
6. Nerea Cobas Loureiro
7. Aurelio Pena Iglesias
8. Iria Penas Murujosa
9. Álvaro Castedo González
10. María Esther Sánchez Barreiro

BNG

1. Ada Blanco Rodríguez
2. María do Mar Pérez Fra
3. María Murujosa Rivas
4. Denis González Peteiro
5. Xosé Antón Sánchez Grande
6. María Dolores López Cayón
7. Xavier Rebolo Jul
8. Cristhian Fajardo Lamas
9. José Antonio Roibás Redondo
10. María Marta López Devesa
11. M^a Concepción Blanco Montecelos

PSOE

1. Ana María Pardo Lorenzo
2. Amador Rodríguez Varela
3. Víctor Manuel Gallego Rivas
4. María Jesús Agruñá García
5. Perfecto Doutón López
6. Pedro Antonio Martín Minguela
7. Laura Rivas Ares
8. Miguel Caloto Conde
9. Sabela Thais Sanjurjo Varela
10. Manuel Cobas Pena
11. Áurea Fe Inesia Lorenzo Prieto

Suplentes

1. Susana Carballedo Portela

O alcalde logrou no 2029 10 dos 11 concelleiros en liza co 81% do escrutinio

PP e BNG buscan a derrota do histórico goberno de Arias García

Xosé María Arias García, gandeiro de profesión, accedeu á Alcaldía de Castroverde no ano 1997 tras unha moción de censura ao entón alcalde nacionalista Miguel Roberto Rodríguez. Nas eleccións municipais de 1999 encabezou a candidatura do PSdeG-PSOE en Castroverde e foi elixido alcalde grazas ao apoio do BNG e tras as eleccións celebradas no ano 2003 é rexedor cunha maioría absoluta contando cun total de cinco maiorías absolutas consecutivas no municipio.

Para as eleccións que se celebrarán este próximo 28 de maio o Partido Socialista renova a súa confianza no actual alcalde que conta xa con 26 no cargo.

Xosé María Arias declarou que quere “seguir construíndo o futuro do meu pobo” e “seguir gobernando para impulsar proxectos e iniciativas que redunden no benestar da veciñanza”. Ademais o candidato explicou que “está impulsando dende o Concello novas dotacións e equipamentos para os veciños e veciñas, como son as obras de ampliación e mellora do centro sociocultural”.

Nas eleccións do 2019 o Partido Socialista fíxose coa maioría absoluta conseguindo nove dos once concelleiros, e os outros dous restantes repartíronse entre o Bloque Nacionalista Galego como segunda forza máis votada e o Partido Popular como terceira.

A diferenza de votos entre BNG e PP foi mínima e así os nacionalistas conseguiron un total de 252 votos fronte aos populares, que acadaron un total de 209 votos.

O BNG renova a súa confianza na candidata á Alcaldía Iria Castro, que se presenta por segunda vez como cabeza de lista. A alcaldable anunciou que “imos liderar un goberno

municipal que impulse Castroverde, desenvolvendo o seu potencial e afondando na mellora da vida da súa veciñanza”.

Ademais a candidata do BNG destacou que “temos un proxecto capaz de construír un novo modelo, que faga revitalizar este concello e que a xente sinta orgullo de vivir e traballar en Castroverde”.

Pola súa parte o Partido Popular conta cun novo cabeza de lista, Pablo Figueras, avogado de profesión e moi vinculado coa hostalaría local.

Así Pablo Figueras manifestou o seu compromiso para “impulsar proxectos que permitan crear postos de traballo, dar un mellor servizo ás persoas maiores, máis facilidades ás empresas que temos e ser os aliados do noso sector primario, que é do que vivides a maior parte dos veciños” ademais o alcaldable engadiu “Castroverde ten que evolucionar máis, ten que ter tamén mellores prestacións e mellores comunicacións. Recursos para elo temos, pero falta esa persoa que sexa capaz de facelo realidade. Con total humildade considero que estou á altura”.



CANDIDATOS ELECCIÓN 2023

BNG

1. Iria Castro Fernández
2. María Cando Mouriz
3. Gutier Ferreiro Fernández
4. Laura Arrojo Reguera
5. Pablo González Pérez
6. María Luisa Álvarez Fouz
7. Juan Carlos Muñiz Besteiro
8. M^a Yolanda Carpintero González
9. José Luís Souto Carrera
10. Natalia Penelo Díaz
11. José Gómez Fernández

Suplentes

1. Enrique López Sánchez

PP

1. Pablo Figueiras Reguera
2. Ricardo Antonio Díaz Fernández
3. José Manuel Rey Vázquez
4. Óscar Pérez Cascudo
5. Jesús Moreira Fernández
6. Manuel Veiga López
7. María Josefa Gómez Pallín
8. Jesús Fernández Besteiro
9. Manuel Rodríguez Varela
10. Manuel Ángel Neira López
11. María Jesús Díaz Novo

Suplentes

1. César Marey Vivero
2. José Rielo Álvarez
3. Domingo Pereira Domínguez
4. José Muñiz Besteiro
5. Ovidio Figueiras Moineiro

PSOE

1. Xosé María Arias Fernández
2. María del Pilar Ferreiro Villar
3. Alberto Castro Sal
4. Remigio Lence Pallín
5. María Luisa Freire Cordero
6. David Boudón Méndez
7. Mónica Díaz Vidueira
8. M^a Pilar Alicia Carballedo Portela
9. Ángel Ferreiro Ramos
10. Celso Docando Bouzas
11. María Jesús Pérez Castro

Suplentes

1. Eduardo Álvarez López
2. María José Álvarez Arias
3. Armando Polín Rodríguez



O socialista Rodríguez Ónega opta á quinta reelección

O alcalde de Pol, Lino Rodríguez Ónega converteu nestes anos á localidade nun bastión socialista tras pasar de ter 3 concelleiros no ano 2007 aos 7 que ten na actualidade. Se os primeiros catro anos gobernou co respaldo do BNG, agora faino en solitario cunha ampla vantaxe. De feito, no ano 2011 obtivo a maioría absoluta por primeira vez desbandando a PP e BNG, que perderon dous concelleiros no primeiro caso e un no segundo.

Gañou outro no 2015 eliminado ao BNG da ecuación, situación que cambiou no 2019, cando os dous concelleiros restantes foron repartidos entre populares e nacionalistas. É este un dos concellos con menos densidade de poboación pero iso non impediu que se formasen tres listas electorais novamente para competir pola Alcaldía neste 2023. O alcalde de Pol aspira a manter o respaldo dos seus veciños esgrimindo varios proxectos estrela nestes catro anos, como foi a construción do novo espazo deportivo e o cam-



bio de luminarias ademais dun investimento importante en levar a auga a todas as parroquias e na reparación de estradas nun dos concellos máis grandes en extensión que ten a provincia.

“Eu creo que a lexislatura foi moi positiva porque as diferentes inversións que fixemos no concello foron pensadas para a mellora de cada veciño no día a día como o tema da auga ou o das pistas”, di Ónega. Entre os proxectos máis inmediatos figura levar a auga a Torneiros e a remo-

delación da reitoral na parroquia de Suegos.

No PP volve haber unha lista completamente nova, nesta ocasión presidida por unha moi moza activista política Nicole Grueira. Aos seus 21 anos é estudante de Ciencia Política e da Administración e foi a primeira candidata nada neste século. Entre os seus obxectivos está desenvolver políticas que favorezan o asentamento de poboación, fomentando a vivenda e o emprego. Sinala que “a mala xestión local faulle moito dano a Pol”, referíndose “á elevada débeda”. A persoa elixida por unanimidade pola asemblea local do BNG foi Branca Fernández Martínez, veciña de Mosteiro e mestra. “Imos consolidar un Pol con futuro, cun proxecto enfocado na mellora de calidade de vida no rural”, dixo e engadiu que “o equipo que lidero vai contar con toda a experiencia e o dinamismo para desenvolver plenamente todas as potencialidades do noso concello, e saímos sen límites para liderar o vindeiro goberno municipal”.

CANDIDATOS ELECCIÓNS 2023



BNG

1. María Blanca Fernández Martínez
2. María do Carme Díaz Irimia
3. Gustavo Osorio Fernández
4. Andrea Rodríguez Huertas
5. Jesús Ángel Cuesta Castro
6. Sergio Díaz Marey
7. María Pilar Cervantes Huertas
8. Óscar Carballés Balado
9. Ana Domínguez Barreiro

PSOE

1. Lino Rodríguez Ónega
 2. José Luis Ramudo Andión
 3. Marina Ramudo Graña
 4. Ana Belén Seco Morado
 5. Sonia Cervantes Rivas
 6. César Valiña Irimia
 7. Carmen Paz Rodríguez
 8. Laura Otero Ferreiros
 9. Avelino López Pardo
- Suplentes**
1. Manuel Antonio López Rodríguez

PP

1. Nicole Grueira Fernández
2. Enrique Rodríguez Rodríguez
3. María Graña González
4. Noelia Gigán Grandela
5. Margarita Fernández Yebra
6. María Remedios Castedo Carballo
7. María Méndez Luna
8. Raul Rodríguez Fernández
9. Artemio G Carballés Fernández

CANDIDATOS ELECCIÓNS 2023

PP

1. Felipe Labrada Reija
 2. Marcos Trashorras Reija
 3. José Luis Fernández López
 4. M^a Mar Gómez Gómez
 5. María Jesús Álvarez Fole
 6. Pedro Fernández Reija
 7. David Rodríguez Lodeiro
 8. Ana María Mera López
 9. María Soledad López Pérez
 10. Montserrat Fernández Tella
 11. Diego Torrón Gude
- Suplentes**
1. María Ángeles Santos Ballón
 2. Nerea Ferreiro Pérez
 3. José Luis Ferreiro Fouce

PSOE

1. Francisco Otero Besteiro
 2. Roberto Besteiro Queizán
 3. Alba Salvador López
 4. Javier Cerqueiro González
 5. María Elena Roldán Fernández
 6. Raquel Expósito Jato
 7. Mónica Díaz Mosquera
 8. Bernardino Castro López
 9. Otilia Herbón Fernández
 10. José Benigno Núñez Doval
 11. Elías López Vila
- Suplentes**
1. Maximino Marey Muíña
 2. Cristina Pérez López
 3. José Miguel Vázquez Calvo

BNG

1. Pilar Bellón Candal
 2. Pablo Abuín Cedrón
 3. María Abuín Sanfíz
 4. María Consuelo Vázquez Castro
 5. Mario Outeiro Iglesias
 6. Sonia Rodríguez Páramo
 7. Senén Díaz Prado
 8. Hector Vivero Alonso
 9. Sandra López Álvarez
 10. Manuel Fernández López
 11. Jorge José Rodríguez Lozano
- Suplentes**
1. María Concepción Cruz Pallares
 2. José Luís Díaz López
 3. María do Carme Vázquez Vázquez
 4. Manuel Villanueva Gómez

CONTAMOS GA.S

1. Nuria Mera Balboa
 2. Marta López Abeledo
 3. Brais Fernández Torron
 4. Nuria López Rey
 5. Camilo Álvarez Pedrido
 6. María Tania de la Fuente Vázquez
 7. Almudena Rodríguez Pradedo
 8. Adrián Díaz Gundián
 9. Antonio Pérez Galán
 10. Rocío Piñeiro Díaz
 11. Alberto Lopez Galán
- Suplentes**
1. Marcos Rodríguez Vázquez
 2. Iris Coello Montero
 3. Beatriz Díaz Vázquez
 4. Rubén Rodríguez Ferrero
 5. María Pilar Vázquez Pumariño

Catro forzas procuran repartirse os once postos de concelleiro

O Corgo ten aos seus 11 concelleiros repartidos entre catro forzas políticas diferentes. Nas eleccións municipais celebradas en 2019 o Partido Popular foi a forza máis votada acadando un total de cinco representantes seguido Partido Socialista con tres.

Xunto a estes dous partidos Ciudadanos e BNG obtiveron tamén representación, a agrupación laranxa dous concelleiros e un os nacionalistas.

Na procura de continuar consolidado o proxecto, o Partido Popular volve a depositar a súa confianza en Felipe Labrada, alcalde do municipio dende o 2019 e que foi tenente de alcalde dende 1999.

Tras 28 anos como membro da corporación local, Labrada volve a liderar aos populares e sinala que “coñeza de primeira man o municipio e as necesidades dos veciños e veciñas así como as súas demandas”. O Partido Socialista tamén repite candidato e será Francisco Otero, que concorreu por primeira vez aos comicios locais en 2019, o encargado de encabezar a lista neste 2023. Otero destacou o seu desexo de levar adiante “un proxecto que con-

verta ó Corgo nun lugar de oportunidades”. Para estas eleccións Ciudadanos vén de anunciar que non presentará ningunha lista e o BNG renova candidata e será Pilar Bellón a alcaldable da agrupación nacionalista. Bellón, que é a actual portavoz municipal e concelleira, destacou que “impulsaremos un Corgo onde a mocidade vexa nel o seu futuro, con servizos públicos fortes”.

A sorpresa do municipio é para Contamos Galicia Sempre, unha nova agrupación provincial que presenta no Corgo a Nuria Mera como cabeza de lista e Marta López como número dous. Marta López era ata comezos deste ano a presidenta e Nuria Mera a secretaria do PSOE do Corgo, que presentaron as súas dimisións tras discrepancias co partido á hora de elixir representante para as eleccións. Ambas concelleiras concorren nestas eleccións con Contamos Galicia, partido liderado por Manuel Martínez e Claudio Garrido ambos membros no pasado do Partido Socialista.

Novamente a maioría podería ser complicada se o voto volve repartirse do mesmo xeito que o ano pasado.



pol

A Deputación aproba melloras de estradas en dúas xuntas de goberno

A Xunta de Goberno aprobou unha colaboración co Concello de Pol por 310.000€ para a mellora de accesos nos núcleos rurais de Arcos, As Lamelas, Vilavella e Cima de Vila; para a dotación de aseos, dunha taquilla na grada, a instalación de varandas de protección, luminarias e beirarrúas no campo de fútbol de Mosteiro; e para a adquisición de equipamento destinado ó coidado de xardíns, en concreto, un tractor, unha sementadora e unha corta céspede.

A aportación da Deputación de Lugo representa o 80% do orzamento necesario para acometer estas actuacións, en tanto que o Concello de Pol achega 75.000€.

Na Xunta de Goberno tamén se acordou colaborar cun investimento de 126.000€ co Concello de Pol para acometer o abastecemento

de auga a explotacións agrícolas e distintos barrios deste municipio, para a mellora dos accesos ao núcleo de Hermunde e para a instalación dun vídeo marcador no campo de fútbol. Pilar García Porto destacou que a achega da Deputación supón algo máis do 80% do orzamento preciso para estas obras, pois o Concello aporta 31.000€.

ITV. A unidade móbil da ITV estará entre os días 11 e 16 de maio para facer as inspeccións técnicas a vehículos agrícolas. Estará instalada na praza de Galicia. As revisións faranse de 9.00 a 13.30 horas e de 15.15 a 18.00 horas, agás o día 12, que só atenderán en horario de mañá. É necesario pedir cita previa, chamando ao teléfono 902 30 90 00 ou a través da páxina web.

O PP pide ao Goberno local que solicite as axudas para rehabilitar vivendas

O Partido Popular pide ao goberno local que soliciten as axudas para a rehabilitación de vivenda de titularidade municipal que convoca a Xunta de Galicia.

“É unha oportunidade única para arranxar esas vivendas e destinalas a aluguer social, ampliando así a oferta de vivenda. Un factor clave para revestir ese problema demográfico que estamos a sufrir. Esperamos que o goberno local solicite estas axudas en beneficio de ao todos os veciños e veciñas de Pol. Desde o noso grupo pedimos un compromiso neste eido”, di Nicole Grueira.

Por outra banda, Grueira explica que unha das propostas do PP de Pol é ampliar a oferta de vivendas para combater o despoboamento. “Queremos levar a cabo un plan de arranxo de todos os locais abandonados do pobo e convertelos nun aluguer social, é dicir, proporcionar-lles un segundo uso de moita utilidade para a veciñanza”:

Neste sentido os populares teñen un compromiso cos veciños e veciñas para facer de Pol un lugar mellor no que vivir e poder avanzar no desenvolvemento do municipio. “Non podemos perder máis oportunidades de crecemento para Pol”, indica Nicole Grueira.

Convocado de novo o concurso de contos das Letras Galegas

Día das Letras Galegas 2023

Miúdo
FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

O Concello de Rábade convoca de novo o concurso de contos para todos os nenos e maiores adicado ao autor homenaxeado este ano polo Día das Letras Galegas, Francisco Fernández del Riego.

Concederanse tres premios para cada unha das catro categorías de participación.

As categorías participantes será a de 6 a 9 anos, de 10 a 12 anos, de 13 a 17 e a partir de 18 anos. Para participar deberán entregar o conto nun sobre no Concello, no IES Río Miño ou no CEIP Otero Pedrayo. O prazo de presentación dos traballos finaliza o día 12 de maio.

Os gañadores serán seleccionados por un xurado e recibirán un diploma e agasallos. Tan só se admitirá un conto por participante. A entrega dos premios terá lugar o xoves 18 de maio no Centro Sociocultural.

friol

Entran na última fase as obras do saneamento en Roimil

As obras de saneamento de Roimil entran na súa última fase de execución. Financiadas conxuntamente pola Xunta de Galicia e o Concello de Friol, adxudicadas por 238.000€, permitirán conectar á rede de saneamento os lugares do Campo da Feira, O Pazo, Currás e A Penagateira.

As obras enmárcanse no convenio de colaboración polo que a Xunta asume o 80% do investimento e o Concello contribúe co 20% restante. Segundo o acordo asinado, a Xunta cofinancia a actuación nun 80%, ademais de encargarse da contratación e da construción da rede de colectores necesarios para evacuar as augas residuais ata o sistema de depuración previsto, que estará formado por unha depuradora de oxidación total.

Pola súa banda, o Concello de Friol contribúe ao financiamento do 20% restante, ao tempo que asumiu a tramitación das autorizacións preci-



sas para posibilitar a súa realización, así como a recepción, mantemento e conservación das actuacións que se están levando a cabo.

A rede que se está construíndo, e que xa está na súa fase final, componse dunha conducción principal, 2 colectores e 4 ramais secundarios, ademais de 59 pozos de rexistro.

A Consellería de Infraestruturas e

Mobilidade, a través de Augas de Galicia, adxudicou por preto de 238.000 euros as obras de mellora do sistema de saneamento municipal na parroquia de San Xiao de Roimil, no concello de Friol, á empresa Hordescos, S.L.

Coa rede proxectada por Augas de Galicia veranse beneficiadas uns 200 habitantes.

rábade

Supervisan o campo de fútbol antes do inicio da rehabilitación




O presidente da Deputación, José Tomé Roca, e o alcalde de Rábade, Francisco Fernández Montes, visitaron os terreos para a rehabilitación e mellora do campo de fútbol Catro Ventos, empregado polo equipo local para disputar os seus partidos e adestrar. A Deputación de Lugo financia integramente esta actuación a través dun convenio de colaboración co Concello cun orzamento de 200.000 euros.

Os traballos contemplan a renovación do peche do campo de fútbol, a rehabilitación da bancada, a reno-

vación da cuberta e a dotación de novas portas de acceso, tanto peonil, como de vehículos, o que aumentará a capacidade da veciñanza para asistir ao campo de fútbol. Tamén se construíra unha plataforma para o acceso de ambulancias e de maquinaria.

Por outra banda, mellorarase o firme da zona do ximnasio existente na esquina da rúa Cantarrana co camiño Carpaciñas e demolerase a caseta de madeira do outro lado, entre a rúa Bautista Núñez e Carpaciñas.

Fillos da Chaira organiza o primeiro festival Entrepontes



O colectivo Fillos da Chaira de Rábade vén de convocar a celebración dun festival que se desenvolverá na localidade en maio baixo o título Festival Entrepontes.

A data escollida foi o 13 de maio para unha cita coa música que será gratuita para os asistentes.

A primeira confirmación do festival foi o grupo Ninghures, que levará á vial o seu fresh folk galego dentro da xira de presentación do seu novo álbum: Aquí. Xunto a este xa se coñece a participación de Grande Amore, A Banda da Balbina, Tecor Societario, Dosenpunto e Pacrispa DJ.

Segundo avanzou a organización, o festival contará cunha xornada chea de actividades na que consideran que será primeira edición dun festival que nace con aires de continuidade e no que aseguran que estarán artistas de primeiro nivel.



Os traballadores do grupo SADA maniféstanse e a empresa di que ten un compromiso coa planta

O comité de empresa do Grupo Sada PA SA celebrou unha concentración diante do matadoiro para reclamar garantías na carga de traballo nas instalacións e a continuidade de todos os empregos.

Como indican os responsables dos traballadores, a empresa atópase nun proceso de redución progresiva do cadro de persoal mediante a finalización das contratacións temporais e a negociación de saídas voluntarias, iniciado tras a marcha do servizo de despece para Mercadona. Pero ademais, a compañía xa avanzou a posibilidade de despedimentos entre o cadro de persoal fixo, nomeadamente na sala de despece, a partir do mes de xuño.

A CIG explica que aínda que o comité vén reclamando carga de traballo para a totalidade do cadro de persoal, acorde coa capacidade pro-

ductiva das instalacións, nestes momentos a empresa non garante a actividade no matadoiro lugués.

A EMPRESA. Pola súa banda, a empresa quixo contestar asegurando que “o compromiso de Grupo SADA coa planta é firme, como demostra o investimento de 6 millóns de euros prevista para o próximos catro anos para adecuar e mellorar todas as instalacións”.

“O obxectivo é conseguir que o matadoiro de pitos e a sala de despezamento reduzan os seus niveis de saturación actual a nivel produtivo, recolocando parte do volume de produción a outras plantas do Grupo. A iso únese a perda dun dos clientes desta planta”, engaden.

Afirman que as medidas levadas a cabo realizáronse para lograr unha maior eficiencia produtiva.

A Deputación reabre ao tráfico a estrada de Pontello dos Lobos



A Deputación de Lugo vén de reabrir ao tráfico a estrada LU-P-1706, que une Castro de Rei e Cospeito á altura da ponte de Pontello dos Lobos, despois dos graves danos ocasionados na vía polas inclemencias meteorolóxicas durante o pasado temporal. A institución provincial actuou coa máxima axilidade posible para resolver os danos acometidos na propia ponte, que colapsou polas fortes choivas, e o acondicionamento no resto da estrada.

As obras, cun investimento de 314.000€, consistiron na demolición da estrutura danada, colocación no novo marco prefabricado de formigón e o recheo e instalación dos muros de contención do terraplén. Os traballos remataron

co estendido do aglomerado o que permite xa a circulación do tráfico rodado. Procedeuse tamén ao pintado do firme con marcas reflexivas brancas, quedando a vía totalmente renovada para o uso dos veciños e veciñas.

A maiores, a Deputación destinou un investimento de 164.000€, para o asfalto con aglomerado en quente dun treito da estrada de 1,3 quilómetros ao seu paso por Castro de Rei, en concreto, entre os puntos quilométricos 7,3 e 8,6. Ademais, á altura do concello de Cospeito procedeuse ao bacheo de varios tramos. Por último, nos vindeiros días procederá ao pintado no firme con marcas reflexivas brancas, quedando totalmente renovada.

A veciñanza de Loentia, preocupada pola instalación de Surexport

Veciñanza e labregas reuníronse coa Subdelegada do Goberno para trasladarlle a crecente preocupación existente na contorna ante a posible instalación na parroquia de Loentia dunha macroexplotación de froitos vermellos propiedade da multinacional de orixe andaluza Surexport.

Na xuntanza, solicitada polo Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL), as veciñas e veciños subliñaron a inquietudanza que está a causar a posibilidade de que o modelo agroexplotación intensiva culpable do deterioro extremo de territorios como Doñana, avance a súa instalación en Galicia “coa intención de acaparar novas terras e recursos hídricos, expulsando directamente neste caso a varias granxas de Loentia que empregan as terras para ali-

mentar ao gando”.

“Como vimos denunciando dende o ano pasado, e como foi trasladado á Subdelegada do Goberno, o escurantismo e opacidade caracterizan dende o seu inicio este proxecto que supostamente afectaría a case un cento de hectáreas do monte comunal, sen que a día de hoxe a Directiva da Comunidade de Montes teña proporcionado información ao respecto do lugar exacto onde se instalaría nin o tempo ou condicións nas que se faría este posible alugueiro”, din.

Canda a “probada insostenibilidade medioambiental destas producións agroindustriais”, a veciñanza afectada recalca a importancia de seguir de perto as condicións nas que se vaia a producir a chegada e instalación na contorna dos centos de traballadores requeridos para esta explotación.

San Rafael converterase nun centro de acollida de refuxiados



O Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións acordou coa Deputación de Lugo a posta en marcha dun centro de acollida de protección internacional (CAPI) en Castro de Rei. O desenvolvemento deste centro será posible grazas á cesión realizada pola Deputación dunha parcela de case 43.000 metros cadrados, na que se sitúa o antigo Hospital de San Rafael.

O centro de Castro de Rei, cuxas

obras comezarán o ano que vén, terá unha capacidade para 250 persoas nun recinto no que haberá espazos comúns, ademais do comedor, talleres e espazos deportivos deseñados polo Comité Olímpico Español (COE). O Ministerio realizará un investimento duns 12 millóns de euros. A posta en marcha xerará un importante impacto económico, debido a que se estima a creación de entre 20 e 25 empregos directos, e 45 indirectos.

Amigos da feira realiza a ruta do Azúmara no seu 25 aniversario

A Asociación Amigos da Feira organiza o domingo 21 de maio a tradicional ruta do Azúmara facéndoa coincidir este ano coa última feira do mes de maio e o sorteo mensual da promoción *Compra en Castro de Rei*, así como a celebración do 25 Aniversario de Amigos da Feira.

A saída da ruta será ás 10.00. Os autobuses saíran do campo da feira de Castro de Rei cara ao Castro de Viladonga para iniciar o percorrido. A chegada á carballeira do Campo da Feira está prevista ás 12.30 horas, onde se fará un aperitivo, xusto antes do sorteo dos vales de compra.

Pola tarde, ás 16.00 horas está previsto o descubrimento da peza conmemorativa do 25 Aniversario de Amigos da Feira elaborada pola artista multidisciplinar local Carmen Cabaneiro na costa da Igrexa. Seguidamente haberá música e xogos tradicionais da man de Xotramu no Campo da Feira. Estas actividades trasladaranse ao Pavillón Polideportivo se chove.

Estas actividades non requiren inscrición previa. Recoméndase levar roupa e calzado cómodo/deportivo para a xornada.

Pola tarde realizarán unha visita guiada por Luarca para saír de regreso ás 19.00 horas. A actividade terá un prezo para socios de 40 euros, que se incrementa en 5 euros para os non socios.

Hai 55 prazas para a viaxe, que se asignarán por orde de inscrición.

EN BREVE

MATODOSO. A parroquia de Matodoso, en Castro de Rei, celebra as súas festas na honra a San Isidro os días 13 e 14 de maio. O sábado as celebracións darán comezo ás 13.30 cunha misa para continuar coa sesión vermú a cargo do grupo D’Nika. A verbena da noite contará tamén coa actuación do grupo D’Nika que estarán acompañados pola orquestra Paris de Noia. O domingo a misa volverá ser ás 13.30 para continuar despois cunha sesión a cargo da orquestra Fuego que estará tamén amenizando a verbena da noite.

HOMENAXE. O próximo 20 de maio os veciños de Castro celebran unha homenaxe ao sacerdote Raúl Ferreiro polos seus 50 anos da súa ordenación. A misa terá lugar ás 13.30 e a continuación haberá un xantar no Val dos Soños. O prezo será de 55 euros por persoa e as tarxetas pódense recoller na Casa Pepe, Silva, Pol, Casa Carreira e Castro Ribeiras de Lea ata o día 16 de maio.



Obradoiro de reciclaxe de cousas que temos pola casa

Organizan un obradoiro de reciclaxe

O Concello de Outeiro de Rei abre o prazo de inscrición no *Obradoiro de reciclaxe de cousas que temos pola casa*, financiado pola Deputación Provincial de Lugo dentro da programación de actividades medioambientais que se realizan nos concellos integrantes da Reserva da Biosfera Terras do Miño.

Este obradoiro celebrarase no Espazo Municipal de Autorreparación e Intercambio de Obxectos situado no Parque Empresarial de Outeiro de Rei ao carón do Punto Limpo os sábados 6, 13 e 20 de maio de 2023 en horario de 10:00 a 14:00 horas.

Pode solicitar participar neste obradoiro calquera persoa que o desexe a partir de 10 anos coa particularidade de que as persoas menores de idade deberán asistir acompañadas dunha persoa adulta.

Neste obradoiro está previsto que se traten conceptos xerais de electricidade, carpintaría, bricolaxe e reparación de aparellos eléctricos, nocións que permitirán adquirir coñecementos básicos para a reciclaxe futura de moitas cousas que temos polo fogar e para as que podemos buscar unha segunda vida; paralelamente, pensando sobre todo nos máis cativos, contempla a posibilidade de impartir contidos relacionados coa elaboración de xoguetes reciclados.

O número de prazas que se ofertan é de 15 e a cota de inscrición é grauíta.

Cos pés nos estribos organiza unha xuntanza cabalar

O próximo 13 de maio a asociación Cos pés nos estribos organiza a sétima xuntanza cabalar.

A saída terá lugar ás 10.30 horas dende o restaurante do centro deportivo D10 en Mosteiro.

Na metade do camiño haberá uns petiscos e ás 14.30 será a comida. A xornada contará tamén cun sorteo de agasallos.

O prezo é de 25 euros e a data límite para realizar a inscrición é o 5 de maio.

Dende a organización informan que non é unha competición, e que cada quen será responsable dos danos do seu cabalo.

O BNG reclama no Pleno a devolución de dietas “irregulares”

O BNG vén de solicitar formalmente mediante unha moción que os membros do PP que cobraron dietas por asistir a esa comisión procedan a devolver as cantidades que cobraron ás arcas municipais coa maior brevidade posible, “dado que consideramos que eses cartos foron cobrados de forma irregular”.

“As actas desta comisión, á que eles mesmos chama Comisión de Coordinación revelan que non teñen ningún tipo de transcendencia e estudadas as datas e horas de celebración, tamén se deduce que sempre se producen despois doutra reunión, pola cal xa cobran a dieta correspondente. Estamos a falar de cobrar dobre dieta, 240 euros cada un, por reunións duns poucos minutos”, din. “Hai que ter en conta que as comisións que poidan existir están reguladas pola Lei de Bases de Réxime Local e teñen que ser creadas no propio Pleno, con toda a publicidade e transparencia. Aquí estamos ante unha comisión que nunca se creou no pleno e onde cuxa existencia saíu á luz por casualidade, cando se viu unha convocatoria, supoñemos que debido ao cambio que se produciu de Secretaria Xeral. Hai catro anos xa destapamos algo similar, pero



A PALLOZA. Os nacionalistas quéixanse de que o Concello segue sen arranxar o “grave problema” que están a sufrir 22 vivendas na Urbanización da Palloza. Hai xa 20 anos que estas vivendas están habitadas, pagando todos os impostos regularmente e, sen embargo, “seguen a carecer dos servizos esenciais que teñen a maioría dos veciños e veciñas de Outeiro”.

realmente pensamos que deixaran de facer este tipo de prácticas. Agora dámonos conta que volveron ás andadas”, continuou dicindo o concelleiro do BNG.

Así mesmo, dende o BNG tamén cren que ademais de non poder existir unha comisión destas características, as indemnizacións por servizo (dietas de asistencia) serven para compensar os desprazamentos e o tempo que duran as reunións, “pero en ningún caso están pensadas para duplicar o que se cobra por reunión”.

Dadas estas dúas circunstancias, a irregularidade da existencia da propia comisión e a duplicidade do cobro, dende o Grupo Municipal do BNG presentaron esta proposta para que “de xeito voluntario devolvan estes cartos irregularmente cobrados”. De non producirse esta acción, estudan a posibilidade de forzar a recuperación destas cantidades para as arcas municipais, non descartando acudir ao Tribunal de Conas de Galicia se fose necesario ou outro tipo de xurisdicións se fose preciso.

O persoal de Capsa segue coas súas concentracións pola revisión salarial



Os traballadores e as traballadoras de Corporación Alimentaria Peñasanta (CAPSA) voltaron os mércores de abril a realizar paros e mobilizacións para reclamarlle á empresa que proceda a aplicar de inmediato a revisión salarial conforme ao IPC real, tal e como se establece no convenio colectivo. En todas estas xornadas, a folga parcial desenvolveuse entre ás 13 e ás 15 horas e durante este tempo

o persoal concentrouse diante da factoría de Robra, chegando mesmo a cortar o tráfico rodado nese tempo na Nacional VI Malia ao amplo seguimento que están tendo as xornadas de paro, até o momento non se produciron avances que permitan pechar o conflito xa que a empresa teima no seu incumprimento das garantías económicas recollidas no convenio.

Convocada de novo a carreira pola Vía Küning

Os concellos de Baralla e do Corgo xunto a Asociación Cultural Vía Küning organizan a II edición da Carreira Correndo pola Vía Küning. A proba celebrarase o sábado 9 de xullo, con saída ás 10.30 dende a Casa do Concello de Baralla e meta no Castro de Castrillón no Corgo.

O circuito constará de 18 km sobre pistas de terra na súa maioría, e estará controlado por vehículos da organización. A proba estará aberta a tódolos atletas, federados ou non, sen distinción de sexo ou nacionalidade. A organización poñerá a disposición dos participantes na proba un servizo de autobuses para trasladar aos deportistas dende a meta ata á saída tanto antes do comezo da carreira coma ao finalizar a mesma.

Ademais os participantes contarán con avituallamento líquido nos quilómetros 7 e 13 así como avituallamento líquido e sólido ao final de cada carreira para todos os partici-

Abre o proceso de licitación para a ampliación do centro de saúde

O Sergas ten iniciado o trámite da contratación do proxecto arquitectónico desta obra, que o Sergas licitará por máis de 72.000 euros nas vindeiras semanas, en canto se obteñan os informes xurídicos preceptivos.

Esta licitación será posible grazas a que a Xunta e Concello de Outeiro de Rei asinaron o protocolo de colaboración para a execución destas obras, que daba cobertura legal ao concello para comezar o proceso de adquisición da parcela lindeira ao actual centro de saúde, e comprometéa á Xunta de Galicia a executar as obras unha vez posta a disposición a parcela necesaria.

Unha vez o concello comunicou que xa completara a adquisición dos terreos procedeu a remitir á administración un certificado de dispoñibilidade da titularidade plena da parcela, que habilita ao Goberno autonómico a licitar esta actuación. Na diagnose do Plan, priorizouse a necesidade asistencial de integrar estes dous puntos de asistencia sanitaria nun mesmo espazo, así como de ampliar os espazos do actual PAC, situado nun edificio construído en 1981 como casa do médico e con dimensións e distribución pouco funcionais para o seu uso sanitario.

pantes.

A inscrición pode realizarse ata o martes 4 de xullo ás 23.59 horas a través da páxina web.

Os dorsáis retiraranse o venres pola tarde na tenda de deportes de “Atmosfera Sport A Chaira” sita na rúa Salvador de Madariaga de Lugo e o día da proba pola tarde na zona da saída no Concello de Baralla, ata 30’ antes da saída da proba.

Os tres primeiros clasificados masculinos e femininos da carreira absoluta recibirán un trofeo. Haberá un premio en metálico de 150 euros para o primeiro clasificado, de 100 euros para o segundo clasificado e de 75 euros para o terceiro.

A cerimonia de entrega de premios celebrarase ás 12.50 na zona de meta.

Ademais, tamén se fará entrega dun trofeo ao primeiro home e a primeira muller empadroados nos Concellos do Corgo e de Baralla.

Organizan un concurso de microrrelatos polo Día das Letras Galegas

Con motivo do Día das Letras Galegas o Concello de Castroverde organiza a terceira edición do concurso de microrrelatos. A participación está aberta a todas as persoas que o desexen a partir dos doce anos. No caso dos menores deberán presentar un consentimento dos seus titores legais.

Este ano a temática do concurso será Entre lusco e fusco e deberán estar escrito en lingua galega, ser orixinais e inéditos. O prazo de presentación dos microrrelatos será ata o 17 de maio de 2023.

O xurado estará composto por persoas especializadas en materia lingüística e valorará os microrrelatos tendo en conta os criterios de ortografía, gramática e claridade do texto, adecuación ó tema proposto e a creatividade, orixinalidade e a calidade da obra.

O concurso establece un total de catro premios, 400€ para o primeiro, 200€ para o segundo, 100€ para o terceiro e 60€ para o cuarto clasificado.



Para participar realizarase un envío por correo electrónico ao enderezo microrrelatos.castroverde@gmail.com e figurar como asunto: III Concurso de microrrelatos do Concello de Castroverde.

Este correo deberá contar con dous documentos en formato PDF. No primeiro nomearase co título do microrrelato e conterá exclusivamente o texto do microrrelato, en letra tipo Arial, 12 puntos, interliñado 1.5, sen sinatura.

O segundo documento nomearase co título do microrrelato e dentro conterá os datos identificadores da persoa autora do texto: Nome e apelidos, copia dixital do NIF, enderezo postal, correo electrónico e teléfono.

A cuberta da igrexa de Santa María de Vilabade será restaurada

A cuberta da Igrexa de Santa María de Vilabade de Castroverde será restaurada para reforzar a súa conservación interior e exterior, cun investimento superior aos 175.000 euros. Entre as actuacións previstas inclúese a renovación do enlousado da cuberta e colocación de proteccións no campanario e cuberta. Tamén se renovará e saneará a drenaxe perimetral existente e realizaranse intervencións puntuais nas carpinterías exteriores para aumentar a ventilación do interior. Incorporarase, ademais, un illante térmico na cuberta e acometeranse traballos de conservación preventiva nas pinturas murais do seu interior. O importe previsto das actuacións é de 175.941€.

A igrexa de Santa María de Vilabade en Castroverde ten as súas orixes na

orde franciscana, cunha posible fundación inicial no século XIII, e unha posterior refundación no século XV. A súa arquitectura posúe elementos góticos e outros de épocas posteriores froito das transformacións sufridas nos séculos XVI, XVII e XVIII.

As fachadas oeste e sur presentan abundantes elementos medievais, mentres que o pórtico da entrada principal co seu frontón e arcada frontal é neoclásica. A súa planta é dunha soa nave dividida en tres tramos por arcos apuntados cunha tribuna aos pés. O presbiterio está rematado por un valioso retablo barroco de Francisco de Moure, tras o que se desenvolve a sancristía en dúas alturas a modo de chirola. Nas paredes laterais destacan dous retablos barrocos e pinturas murais de-

terioradas pola humidade.

Na década dos anos 70 do século XX realizouse unha importante obra de reforma nas cubertas, na que se incorpora por riba das bóvedas uns forxados de formigón deixando un espazo baixocuberta entre ambos. Tamén nesa intervención se substitúen os revocos de cal por outros de morteiro de cemento que provocaron co paso do tempo importantes patoloxías no edificio.

A igrexa está protexida polo seu valor cultural ao ter a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC) coa categoría de monumento. E é un dos máis de 700 BICS galegos. Está incluída no Catálogo de Protección do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Castroverde. Ademais, está situada no Camiño Primitivo.

A vila acolle a quinta edición do Campionato de Tute

A quinta edición do Campionato de Tute de Castroverde terá lugar o 20 de maio ás 17.00 no pavillón municipal A Ferrería. A inscrición e cea serán 80 puntos por parella e só a cea 15 puntos.

Os tres primeiros premios repartirán un total de 1600 puntos repartido en 1000 para o primeiro clasificado, 400 para o segundo e 200 para o terceiro. Tamén haberá unha repesca que repartirá 310 puntos, neste caso o primeiro levará 150 puntos, o segundo 100 e o terceiro 60.

A data límite para realizar a inscrición é o día 19 de maio e os



premios están calculados para un límite de 64 parellas participantes. No caso de non chegar ao límite serán modificados.

o corgo

A localidade acolle o II Campionato galego de billar feminino

Os próximos 13 e 14 de maio o Corgo acolle a celebración do II Campionato galego feminino de billar que dará comezo ás 10.00. A sede do campionato será o Club de Billar Adai e haberá dúas modalidades, Bola 9 e Bola 10 con saque alterno.

Os clubs serán os encargados de inscribir as súas xogadoras e é imprescindible que cada club mande un correo electrónico a estes dous enderezos, fegabi@fegabi.es e clubdebillaradai@gmail.com, coa lista de xogadoras inscritas e o xustificante da transferencia bancaria.

A inscrición está aberta ata o martes 9 de maio ás 12.00 do mediodía.

Repartiranse en premios o 100% das inscricións e para o Campionato Galego Feminino de Bola-9 haberá o título oficial e homologado pola FGB de Campioa Galega B9 22/23 e catro



trofeo máis. Todos eles teñen para para o Campioato España Feminino B9 ao que hai que sumar un premio en metálico que irá do 50% do total ao 12,5%.

A mesma listaxe de premios impartirase para a categoría Bola 10.

Volven os campamentos en xullo e agosto

Castroverde volverá ter este verán campamentos de verán nos meses de xullo e agosto destinados a nenos e nenas entre os 3 e os 16 anos.

O horario será de luns a venres con entrada dende as 8.00 ata as 10.30 e saída dende as 13.30 ata as 14.00 no pavillón municipal A Ferreira.

O prazo para inscribirse comeza o 1 de maio nas oficinas do Concello e rematará o día 15 de maio.

As prazas máxima por quincena son

50 e a admisión realizarase por orde de entrada de solicitudes no rexistro. O custo por cada neno será de 120€ mes e os nenos que leven empadroados no municipio de Castroverde como mínimo 3 meses antes do inicio do prazo de inscrición terán unha subvención do 50%.

No caso de familias o segundo fillo pagará o 50% do custo da actividade e dende o terceiro fillo en diante será gratuíta a actividade.

As festas do Santiago Apóstolo xa teñen artistas confirmados

Castroverde celebrará as súas festas do Santiago Apóstolo os próximos 22, 23, 24 e 25 de xullo e xa se coñecen algúns dos artistas que participarán.

Para o sábado 22 están confirmados uns cantos de taberna e a actuación de Dj Adolfo Valiño.

O domingo 23 será a quenda das orquestras París de Noia e Fénix e o 24 a de Miramar e Solara. Para pechar as festas estarán a orquestra Panorama, Eureka e o grupo Mekanika.

O PP pregunta pola renuncia a unha axuda para puntos limpos móbiles

O Concello renunciou a unha axuda da Xunta de Galicia para a instalación de puntos limpos móbiles, e que se enmarca dentro da liña de subvencións creada pola Consellería de Medio Ambiente para tal fin. Así o indican os populares, que non entenden como un alcalde "se pode permitir o luxo de dicir non a uns cartos que proveñen doutra administración e que serven para prestar un servizo aos veciños". É por este motivo polo que lle piden ao socialista que dea conta dos motivos da súa decisión. "É difícil de comprender que se lle diga que non a este tipo de colaboracións que teñen un custe cero para os Concellos", insisten.

DEPORTES

Un ano máis na elite

Por Adrián Fernández

Xa sabíamos que nun mes de abril no que xogabamos contra seis dos sete primeiros clasificados o número de derrotas ía ser alto pero aínda así, o bo traballo feito ata entón permítenos acadar o obxectivo da salvación grazas á increíble vitoria conseguida na casa contra o Real Madrid.

Comenzabamos na casa contra o Joventut, a priori o rival máis frouxo do que estaba por vir, dispostos a dar a cara e competir; o partido ía ben ata que no segundo cuarto os de Badalona subiron o nivel defensivo e cun parcial de 10-27 romperon o encontro, a segunda metade estivo igualada pero Tomic e un irrespectuoso Kyle Guy impediron que o Breogán se achegase no marcador, ao final 65-85 para os cataláns.

Había que mellorar a imaxe do equipo e que mellor que facelo contra o Real Madrid, o día en que Musa voltaba ao Pazo o equipo xogou probablemente o mellor partido da tempada gañando aos da capital por 96-72, nunha segunda metade na que os de Lugo meterían 57 puntos liderados por un Hollatz inspiradísimo que só fallaría un tiro libre en

todo o encontro.

Despois de dous seguidos na casa agora viaxabamos a Canarias, illas que non se nos dan moi ben, nesta ocasión contra o Gran Canaria. Comezaba o encontro igualado, pero á volta dos vestiarios os locais marcharían no electrónico cun parcial de 23-11, distancia que foi imposible de recuperar pese aos esforzos finais, derrota asumible por 77-66 nunha cancha onde é moi difícil gañar como o demostran as 8 vitorias seguidas (con esta 9) que levaban os canarios na súa casa.

De volta á casa recibiamos ao Unicaja e con el outra benvida especial, neste caso a de Kalinoski. Quixemos facerlle o mesmo que a Musa pero esta vez non puido ser, os de Málaga son un dos mellores equipos da liga a nivel físico e no último cuarto da man de Tyson Carter (25 puntos) levaron o encontro por 74-90, pero o peor foi a lesión de Nakic que nun choque levou un golpe nas costelas que o deixarán un par de semanas de baixa.

Non pasaba nada, a permanencia xa estaba asegurada pese ás derrotas, pero agora tocaba voltar a Canarias,

esta vez a Tenerife. Seguramente a relaxación, a baixa de Nakic e Lukovic e que estase a notar a falta de fondo físico fixo que non houbera partido, os locais gañarían por 85-67 un partido controlado en todo momento.

E para rematalo máis, a guinda do pastel, viaxar a Vitoria a xogar contra o Baskonia, un equipo que non baixa dos 90 puntos. E así foi, desta vez 97 (97-76) con 30 de Markus Howard (8 triplas), nada que facer ante esta apisoadora que é agora mesmo o equipo vasco.

Rematou o mes máis difícil da tempada cun balance de 1-5 pero no que non podemos botar en cara nada ao equipo, logrouse o obxectivo da permanencia con moito esforzo, esforzo que agora estamos a pagar como se pode notar nos finais dos partidos, ademais o Valencia xa acabou a Euroliga así que intentar disputarlle os play off é unha ilusión, agora só nos queda desfrutar dos derradeiros encontros e tratar de defendela novena praza que podería darnos o soño de Europa.

Por último, dar os parabéns a Ethan Happ por ser nomeado mellor xogador da Liga no mes de marzo.

Iván Sangiao proclámase campión galego máster de trail

Iván Sangiao, do Club Deportivo Biosbarbo proclamouse campión galego máster de trail no Campionato Galego de Trail disputado na Pobra do Caramiñal.

A proba absoluta e máster discorreu sobre un trazado de 26,5 quilómetros e case 1300 metros de desnivel positivo percorrendo os montes da Serra do Barbanza.

Na cola do pelotón saían os dous representantes máster no campionato galego, Eneko Hurtado e Iván Sangiao, unha cámara de chamadas pequena e un primeiro quilómetro con moito atasco provocaron que os deportistas do Biosbarbo perdesen moito tempo nos primeiros compases da proba.

A medida que a carreira se foi estirando Iván Sangiao, mantendo o ritmo inicial, remontaba posicións ata colocarse dentro do top 10 absoluto da proba. Finalmente dende o quilómetro 15, cun ritmo superior remontaba ata a sétima posición coa que cruzaría a liña de meta, sendo campión galego máster.

No seu debut no trazado Eneko Hurtado facíase con unha meritoria undécima praza na categoría máster.

As bases do Emevé logran un triplete nos campionatos galegos



Os equipos de base do Emevé obtiveron ao rematar o mes de abril na Estrada un triplete de títulos tras vencer en tres finais dos campionatos galegos, nas categorías júnior, xuvenil e infantil femininas. Ademais, hai que sumar as tres pratas que obtiveron na masculina, tamén nas tres categorías. En júnior e xuvenil perderon ante o Boiro pero na infantil o rival vencedor foi o Korbis.

Os equipos de base disputarán deste xeito os distintos campiona-

tos de España, durante os meses de maio e xuño, aínda que quedan pendentes os títulos de cadete e alevín, que de xogarán a primeiros de maio.

O club avanzou que iniciarán o curso dunha forma diferente no mes de setembro, xa que teñen previsto un torneo no que competirán con patrocinadores, representantes institucionais, profesionais dos medios de comunicación e afeccionados. A data aínda está sen decidir pero a idea está aí.

O CD Lugo confirmou o seu descenso a próxima tempada co Málaga

O CD Lugo caeu ante o Málaga (0-2) e pechou oficialmente a súa participación na Segunda B, categoría á que ascendeu hai once anos.

Os albivermellos, que xogarán o ano próximo en Primeira RFEF, clausuran once campañas consecutivas no fútbol profesional tras un ano de varios cambios de adestradores e continuadas derrotas.

A historia lembra a Quique Setién como o adestrador que levou ao Lugo á categoría de prata, na que fixo un gran papel durante varias tempadas. O club viviu

nese tempo o cambio de presidente, de José Bouso a Tino Saqués, e unha xeira de adestradores. A partir de 2018 a situación volveuse crítica para o equipo, ocupando a base da táboa e con salvacións in extremis.

Este ano, xa non se produciu o milagre e coa derrota co Málaga o club lugués firmou os seu descenso cando aínda faltaban tres xornadas para o fin da competición.

O Club, mediante un comunicado, agradeceu á afección o seu compromiso co CD Lugo e tamén pediu perdón polo descenso

O Lugo Sala B consegue o ascenso a Preferente e o A é xa campión de liga



O segundo equipo sénior do Lugo Sala pecha unha gran tempada tras superar ao Oural FS e así adxudicarse o campionato ligueiro despois de 20 xornadas de competición na que os lucenses tiveron un pulso man a man co Korreo Guitiriz FS B. De feito, ambos os equipos rexistraron os mesmos puntos, mesmas vitorias e empates, pero os de Manuel Martínez Maradona son campións polo mellor gol averaxe particular. O premio ao título ligueiro supón o ascenso de categoría, neste caso á Preferente.

No definitivo partido os lucenses foron claros dominadores e desde o inicio demostraron que non querían deixar pasar a ocasión de adxudicarse o ascenso. A vitoria ante o Oural FS (9-0) certificou o campionato ligueiro xa que nesa xornada O Korreo

Guitiriz descansaba.

A loita polo primeiro posto durante toda a tempada foi unha auténtica batalla titánica entre ambos contendentes. De feito o Automóviles M. Losala Lugo Sala B e o O Korreo Guitiriz rexistraron os mesmos números e todo se resolveu pola diferenza de goles duns e outros, xa que os dous partidos ligueiros entre ambos finalizaron en empate: 1-1 en Lugo e 4-4 en Guitiriz.

PRIMEIRO EQUIPO. O primeiro equipo obtivo tamén o título de campión da Segunda División B con dúas xornadas pendentes. O equipo, que remata o día 6 a Liga, busca ter un bo coeficiente para ter opcións de cara ao ascenso de categoría.

O Lugo Sala obtivo o seu título xogando fóra pero celebrouno en Lugo.

“Queremos que atopen no noso club unha segunda familia”

Fernando Timiraos é o presidente do Club de Natación Portamiñá de Lugo

O Club Natación Portamiñá Lugo nace no ano 2007 e dende entón non para de crecer e conseguir éxitos. Falamos con Fernando Timiraos, o seu presidente, sobre a historia do club e a súa filosofía de traballo, que conta actualmente con máis de 230 deportistas.

Como son os comezos do Club Portamiñá?

O comezo do Portamiñá dunha maneira tanto deportiva como económica é no ano 2007, en setembro de 2007. Anteriormente era unha asociación deportiva/cultural formada por 20 ou 30 nadadores que non desenvolvían unha actividade deportiva plena. Foi a partir de setembro de 2007 cando decidimos collelo unha serie de persoas e refundámo-lo co nome de Portamiñá Lugo.

Como é o proceso de crecemento desde os comezos ata agora?

Realmente nos comezos, como calquera entidade deportiva, tiñamos claro que queríamos crecer desde a base, cos poucos nadadores que había. O máis importante era empezar a contar con nenos e nenas de idades de categoría promesa, estamos a falar duns 5 anos máis ou menos para ir crecendo con eles ao mesmo tempo e levalos á categoría absoluta. Basicamente a nosa escola nútrese dos cursos municipais de natación de nenos ou daqueles que simplemente os seus pais coñecemos, chaman e interéanse en que formen parte do club.

Teñen todas as categorías?

Si, cubrimos todas as categorías desde promesa, benxamíns, alevíns,

infantís, júnior e absoluta. Tamén contamos con categoría máster que noutros deportes denomínase veteranos.

Actualmente en que competicións están a participar?

Pois agora mesmo estamos a competir a nivel galego en todas as categorías e a nivel nacional en alevíns, infantís, júnior e absoluto, que son as categorías que contan con competición nacional. O club ademais vén de participar no Campionato de España Open Júnior e Absoluto do 29 de marzo ao 2 de abril en Palma de Maiorca onde acadamos uns grandes resultados, como Martín Vázquez López, que quedou campión de España en 50 mariposa ou bronce en 50 costas, Brais Novo rematou cuarto en 200 braza e sexto en 100 brazas. Inés Mourenza foi prata en 400 libres e tamén en 200 mariposa e bronce en 800 e 1200 libre e Sofía Mourenza foi bronce en 200 brazas e quinta en 100 brazas. Raquel Cando quedou de 12 en 1500 libres. Este campionato é o máis importante da categoría en España e nel participan os membros da selección. Ademais Inés Mourenza Rocha vén de ser incluída no programa España 2028 da Selección Española Xuvenil de augas abertas. Son os mellores resultados obtidos por un club galego en natación e vén a corroborar o traballo que estamos facendo.

Como traballan a nivel de obxectivos, por tempada?

Somos un club de competición, loxicamente adéstrase para competir, pero nós queremos que os nosos deportistas desfruten e atopen no

noso club unha segunda familia e a súa segunda casa. A planificación deportiva está enfocada sempre a cada tempada, a obter os mellores resultados posibles pero nós, a nosa filosofía como club, é que de categoría promesa a categoría infantil os adestramentos están planificados de maneira que non sexan de gran dureza nin intensidade senón que sexan formativos ao cento por cento. É dicir ata a categoría infantil van á piscina, adestran si, pero dunha maneira sosegada. É a partir do último ano infantil cando xa empezamos a esixir un pouco máis a nivel adestramento e é aí onde cada nadador decide canto se quere implicar nos adestramentos e na intensidade dos mesmos para chegar ás metas que sexan. De momento funciónanos porque o que queremos sempre é que cheguen a categoría absoluta e para nós realmente os gañadores son os de categoría absoluta. Esta tempada, a día de hoxe, todos os campionatos galegos que se disputaron de todas as categorías gañámoslos. Creo que é un caso inédito na natación galega, que un club gañe todos os campionatos na mesma tempada e é algo moi difícil que ten tamén un compoñente de sorte pero que nos reafirma na nosa forma de traballar.

Que diferenza a natación doutros deportes?

A natación do mesmo xeito que outros deportes individuais forma aos deportistas en algo moi concreto: o sacrificio, a loita. Os nadadores, para chegar a un obxectivo teñen que investir moitas horas de adestramento, moitas horas de sacrificio e iso implica ás veces xestionar moito o teu tempo libre, tempo de estudos e implica renunciar a estar cos amigos. Un nadador de categoría infantil adestra 6 días á semana, iso é algo impensable para outro deporte como o baloncesto ou o fútbol. Todos os deportes que se desenvolven dentro da auga son diferentes, o ser humano está neste mundo para andar, para correr, para saltar... pero a nadar teñen que ensinarnos.

Teñen algunha necesidade como club actualmente?



Nós existimos grazas ao Concello de Lugo porque a nosa actividade desenvólvese na piscina municipal de Frigsa, esta piscina que é a nosa sede de adestramentos e competicións, é unha piscina de 25 metros cun total de seis rúas. Actualmente queremos que todas as competicións nacionais se desenvolvan exclusivamente en piscinas de 50 metros pero nós adestramos en 25. A adaptación e o adestramento non é o mesmo, competir nesas circunstancias fronte a uns nadadores e equipos que adestran en piscinas de 50 metros pois é un hándicap. Gustaríanos ter unha piscina de 50 metros pero somos conscientes dos momentos nos que vivimos e sabemos que iso é agora mesmo moi difícil, pero non renunciaremos nunca a dicir que sería o ideal. Estamos en Frigsa, non é a mellor instalación pero é a que temos e estamos encantados e agradecidos.

Algún momento ou logro que recorde de forma especial ao longo destes anos?

Durante anos conseguimos gañar moitos campionatos galegos, houbo nadadores que conseguiron medallas nos campionatos de España tanto de bronce, de prata como de ouro pero se hai un campionato que realmente no club loitamos e traba-

llamos por el foi o que se celebrou en Lugo este novembro. Gañamos o campionato galego absoluto por primeira vez, gañar o campionato galego en frigsa, na casa, coa bancada e a afección para nós foi realmente un momento que non esqueceremos nunca independentemente de que o volvamos a repetir. Estamos a falar de gañar un campionato galego, un club como o noso, fronte a 35 clubs, que a maior parte deles son clubs históricos que levan 60, 70 anos e nós 15. Pasamos de non ser nada, pouco menos de ser un grupo de amigos a ser un club referente na natación galega. Realmente ese campionato vai ser un referente para sempre polas medallas individuais, os récords galegos que temos, pero sobre todo como club ese campionato quedará no recordo.

Cal cre que é o segredo desta evolución neste 15 anos de historia?

Todo isto non é froito da sorte, isto é traballo. Traballo dos adestradores, traballo da xunta directiva e traballo dos nadadores, e conseguímo-lo. Temos un grupo de adestradores magnífico, xente de Lugo, xente moi implicada, xente que vive do club. Estamos moi agradecidos ao Concello, aos nosos patrocinadores e ás entidades que colaboran connosco como a Deputación e a Xunta.



LUGOXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.

Dirección: Diego E. García Puente

Teléfono: 661 464 323

E-mail: redaccion@lugoxa.com

Impresión: Tameiga Publicacións S.L.

Dep. Legal: LU 56-2021

DE RUTA EN RUTA

O Corgo: Ruta do Bosque da Fervenza

Unha ruta de 3,5 quilómetros que permite coñecer o bosque da Fervenza e de fácil percorrido, o que a fai apta para todos

O concello do Corgo conta dentro do seu patrimonio natural cun paraxe único, enmarcado dentro da Reserva da Biosfera e situado no curso alto do río Miño, o bosque da Fervenza. Este bosque autóctono e centenario conta con carballos de máis de 300 anos e ademais é un dos bosques de inundación máis importantes que quedan dentro da península Ibérica que conta cun bo estado de conservación e onde predominan amieiros, carballos, freixos e salgueiros.

Para coñecer en profundidade este bosque podemos percorrelo a través da Ruta da Fervenza, cun total de 3,5 quilómetros e cunha dificultade baixa que a fai apta para todos os públicos.

A ruta dá comezo na Casa rural da Fervenza e discorre durante os máis de tres quilómetros pola beira do río Miño. Unha vez teñamos recorridos os primeiros cen metros atopáronos co muíño, do século XIX e que estivo en funcionamento ata os anos 70, sendo un punto importante para a zona en distribución de grao.



DATOS



1 hora



3,5 kms

Dificultade
Fácil

Unha vez deixamos a casa rural e o muíño atrás, a uns douscentos metros, atoparemos unha zona de baño, sen embargo esta non é unha ruta única xa que varios camiños levan ata diferentes charcas que se atopan entre as rochas e o verde da vexetación de ribeira. O bo trazado do camiño e das súas derivacións permite que ao longo

de todo o percorrido poderanse atopar diferentes variantes desta pequena ruta que permiten percorrer o terreo ao noso antollo por uns e outros, inventando o traxecto que máis conveña e sen o temor de perderse.

Tras desfrutar dun baño no río Miño podemos continuar o percorrido ata chegar, se a estación do

ano o permite, ás diferentes zonas onde o río anega o bosque. Este camiño percorre a beira do río ata a desembocadura do río Neira e a estrada que será o punto de regreso. Para os máis aventureiros e que dispoñan de tempo existe a posibilidade de descubrir a paisaxe do río Miño realizando a ruta dende Lugo, andando ou en bicicleta, a

través dunha pista de quince quilómetros sen apenas pendente e que nos levará a unha viaxe entre bosques de ribeira, muíños, illas, paisaxes rurais e o río.

É recomendable realizar esta ruta en diferentes épocas do ano para poder presenciar todos os cambios que se producen na paisaxe co paso das estacións.

Realiza tu test de audición
Sin compromiso

federópticos
Lukus - Audiocentro

Conde Pallares, 2
27001 - Lugo
T. 982 24 56 17
T. 609 27 52 76